

XXII
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez-López*

“Non nacín para un só lugar, a miña patria é todo o mundo”.

L. A. Séneca.

Menciono esta cita do filósofo romano, para poñer en valor o AMOR de Manuel Rodríguez López, pola súa vocación cultural-humanista, de compromiso social, e que foi quen de tela acreditada na súa estadía terrea (1934-1990), e segue a estendela a través da súa vida e obra; que é actual e perenne, con vocación universal.

Chega o Nadal a Paradela, e convértese no punto de encontro do proxecto vital do Poeta-obreiro, trilingüe como escribiu o anterior Presidente da Real Academia Galega, e amigo do Poeta, Don Xesús Alonso Montero (Galego, Catalán e Español). Non só porque aquí se achegue a súa familia, ou que esta se ve reforzada pola gran familia que conforman todos aqueles que participan do seu ideario, con proxectos culturais.

Foron neste ano 836 obras que concorreron ao certame (338 na modalidade de poesía e 448 na modalidade de narrativa), dende moitas e diferentes terras, de varias nacionalidades, como se acredita co exemplo dos galardoados nesta edición : Córdoba, Pontevedra, Huesca, Ourense, Zaragoza, Santiago de Compostela, Bos Aires, Sevilla, A Ríoxa é A Coruña. Os meus parabéns aos gañadores, tendo en conta o gran nivel dos participantes. Ao mesmo tempo, convidolles a todos a súa lectura. Son 140 páxinas que os farán vibrar no eido da reflexión e comprensión do seu contido.

“CANCELIÑA DE ENTRADA A UNHA INMENZA AGRA” José Manuel Carballo Ferreiro,(11-09-2003)

“É verdadeiramente admirable o tecido das relacións humanas. Abofé que lle cadra ben a comparación admirable coa tea de araña, coa súa infinidade de fíos entrelazados; tanto polo complexo que resulta ese tecido, como porque, en non poucas ocasións, calquera dos fíos que pretendas seguir non é independente dos demais, se non que está anoado coa súa maioría dos outros..”.

Así comezaba o noso amigo “o cura chairego” a súa achega ao libro da VIII edición do certame. É coído que resume dun xeito conciso e intenso, a súa vinculación con Manuel Rodríguez López, e a súa obra.

“Non te esquezas de gardarme un sitio non lonxe de ti.....” (13-12-2014).

O pasado 29 de outono, José Manuel Carballo, falece no Hospital Lucus Augusti de Lugo, ao que foi trasladado, moi o seu pesar, pois dicíalle a súa familia que tiña que rematar uns traballos comprometidos.

Ruído no Ceo dos Galegos: Noutra hora, nomeado como “chorado amigo Manuel Rodríguez”, acode rápido ao encontro con San Pedro, que outros andan na súa procura ou na de Santiago o noso Patrón, todos con preza e coa mesma teima, ***¡que chega José Manuel Carballo!***. Eu non digo que haxa empuxóns, pois alí no Alén, vívese noutra dimensión, pero o certo é que están centos de amigos, que queren acoller ao Crego (Ilusionista, actor, escritor, mestre, director de Teatro, galeguista ..).

“-Dirá San Pedro: xa, xa sei que vós os galegos sodes rápidos á hora de oficiar de embaixadores, pero nesta ocasión, xa se vos adiantou o Poeta de Paradela, Manuel Rodríguez, *pois tiña fío directo con el*, así que un pouquiño de paciencia, ides ver como anda o voso Patrón Santiago, ben seguro, terá que facer o mesmo que coas peregrinacións; que para darlle un abrazo teñen que facer ringleiras e agardar horas.”

Non se lembraba San Pedro que os Galegos, logo argallamos unha festa. Que non farán no Ceo?, con tantos e bos, que alí están. Eu coído que nese grupo de anfitrións estarán con Manuel, os pais e familiares de José Manuel, Don José Trapero Pardo, D. Manuel Blanco Castro, D. José Chao Rego, e moitos persoeiros mais da Terra Chá, non quixera esquecerme de Don Ánxel Fole; nesta ocasión remataran a conversa que mantiveron en presenza de Manuel Rodríguez, sobre a fe, nunha visita a Sta. Leocadia.

-D. Ánxel Fole di: Admiro si señoor, gustaríame ter fe coma vostede, unha cousa é predicar detrás dun altar e outra poñerse diante.

-José Manuel, contéstalle: Tamén eu o admiro a vostede Don Ánxel, porque vostede segue buscando e en cambio eu xa parei, sen estar moi seguro de si a atopei.

Paréceme que a fe é a busca continua por entre a brétema e non a seguridade absoluta, se Deus nos dá a luz para buscar xa nos da moito; non ve como Abrahám, o pai dos crentes tivo que poñerse a buscar.

D. Ánxel Fole, ti es crente?, amiguiño, asentiches coa cabeza; farfallou en son moi baixo, e dixo si señoor.

Estou seguro, que esta discrepancia, ao se reencontrar xa quedou clara. Non teño ningunha dúbida.

Grin oportuno traer estas pasaxes do autor, é a mellor maneira de facer partícipes, a todos os que teñan a sorte de que este libro, chegue as súas mans, e sintan a inqedanza de acercarse e indagar máis, na Vida de tan Ilustre Crego, dende Paradela dámoslle as grazas, por honrarnos coa súa amizade, ilustramos coa súa obra, ilusionarnos ca súa maxia, e ser un puntal do proxecto Vida e Obra de Manuel Rodríguez López. Eu creo que Don José Manuel Carballo Ferreiro, está, e estará sempre en tempo presente. Porque co permiso de Xulio Xiz, (é o autor do cualificativo), direi TI ES ETERNO, Excelentísimo Señor, GRAZAS, é contamos contigo no día a día.

Dicía José Ortega e Gasset: "Yo soy yo y mi circunstancia, y si no la salvo a ella no me salvo yo". Por tanto o home pode influír no seu destino, pero son as circunstancias as que llo van a determinar e impoñer. É evidente de que cada un ten as súas e Manuel Oreste Rodríguez López, o escritor e poeta homenaxeado neste libro, non podía ser menos. Aínda que naceu nunha aldea de Paradela, en Randulfe, e alí viviu ata os 6 anos cos seus avós, a maior parte da súa vida pasouna en Cataluña, a terra escolleita pola súa nai para gañarse o sustento, do mesmo xeito que despois o faría el, xa que logo charnegos. Compre preguntarse entón ¿ese de onde se nace ou de onde se paxe?, pois neste caso Manuel Oreste foi dual, moi galego, aquí naceu e aquí morreu, pero tamén catalán.

É un fenómeno curioso o caso de galegos de segunda e terceira xeración que falan galego en Cataluña e seguen vinculados á terra de orixe dos seus devanceiros, cando aquí hai nativos e foráneos reticentes a utilizar a lingua propia de Galicia. Xa coñecemos as razóns históricas deste desleixo, que os cataláns non teñen por ser a lingua da súa clase media ou burguesa, pero no só é unha cuestión de prestixio social senón tamén unha cuestión histórica e de identidade cultural.

Os seus descendentes teñen a gala pregoar que o seu pai foi "emigrante galego e poeta obreiro", pero sobre todo, penso eu que dada a súa formación relixiosa e humanista, estudou no seminario menor de Conrería (Badalona), tivo unha preocupación especial polos seus compatriotas, de maneira que podemos dicir que foi unha das voces dos galegos en Barcelona. Manuel Rodríguez, pola súa formación humanista, e pola súa condición de traballador cualificado, xefe administrativo do departamento de persoal da industria siderometalúrxica OSSA, soubo retratar na súa poesía e nos seus escritos, os problemas da clase obreira catalana, na súa maioría inmigrante, e as vivencias tanto del como dos seus. Pero soubo tamén practicar a solidariedade.

Precisamente a miña amizade con Manuel Oreste, iniciada na década dos anos 80 do século pasado, provén desa calidade, da súa relación co meu primo o cantautor emigrado a Cataluña Alfredo González Vilela, que entrou a traballar na súa fábrica, e que mo presentou nunha das súas estancias vacacionais en Lugo.

poeta obreiro

Por Adolfo de Abel Vilela

Creo que o feito de ter que emigrar para gañarse o pan, como o meu curmán tamén con formación parecida, fíxolles acrecentar o seu aprecio polo que deixábanos na súa terra natal, facendo realidade o dito de que nos se aprecia algunhas cousas ata que se perden. O máis sorprendente é que Oreste que se educouse en Cataluña como outros moitos fillos de galegos, exerceu sempre como galego, quizais porque viron que os cataláns lonxe de sentirse cohibidos falando o seu idioma, tiñan a gala empregalo como un elemento cultural diferenciador, un signo de prestixio social ao ser usado pola burguesía, todo o contrario do que desgraciadamente aínda ocorre hoxe entre unha maioría dos galegos. Alí descubriron, como os galegos emigrados a América a finais do século XIX e principios do XX, os valores, da cultura e das tradicións de Galicia, a súa identidade como pobo. Resulta unha boa razón primeiro amar o propio para sentirse despois máis universal.

A raíz do problema actual catalán convén recordar que foron moitos miles de galegos, especialmente da provincia de Lugo, os que contribuíron co seu traballo, cos aforros procedentes dos nosos emigrados a Europa depositados en entidades bancarias autóctonas e foráneas, e cos impostos de todos, a desenvolver esa comunidade autónoma, polo que considero inxusta e moi desafortunada a frase "Espanya ens roba", pregoada precisamente polos que sempre foron máis favorecidos, antes e agora, unha postura insolidaria e egoísta que parece confirmar a excesiva querencia que algúns cataláns senten polo diñeiro.

Resaltaba na miña colaboración no libro publicado con motivo do 25 aniversario da morte de Rodríguez López, que cando o coñecín apreciei nel, máis que a súa faceta como poeta e escritor, que descoñecía naquel momento, a súa humildade, calidade que adoitan ter as persoas realmente grandes e importantes. Neste mundo hai moito pavo real con plumaxe moi rechamante pero con pouca sustancia. Por iso é polo que ás veces pásanos desapercibida a obra e o labor dos que profesan a humildade. Non obstante o tempo sempre coloca a cada un no sitio que merece e lle corresponde. Non adoita ser habitual que un concello pequeno e rural convoque anualmente un premio literario para honrar a memoria dun dos seus fillos, ao que concedeu o título honorífico de "fillo predilecto", por iso o de Paradela merece ser felicitado por esta iniciativa que leva nada menos que 22 edicións e con intención de continuar.

Cinco años do proxecto

Nestas últimas semanas do ano 2017 o proxecto Manuel Rodríguez López cumpre cinco anos. Cinco anos de intenso traballo e esforzo por parte de moitas persoas e institucións, unidas en torno á figura de Manolo.

Cinco anos desde que GaliciaDigital puxo en marcha unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para dar a coñecer axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña. E desde entón, os principais piares do proxecto seguen en funcionamento e con mellor saúde que nunca.

Web

A primeira acción da campaña consistiu na **creación do portal web www.manuelrodriguezlopez.org**, unha das máis completas webs que teña un escritor galego, que **recole a súa obra completa** e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.

Dentro dos **máis de 2 Gb de información** que posúe a web compre destacar tamén o **especial 25 aniversario** do seu pasamento, onde máis de 50 persoeiros da cultura galega, moitos deles amigos de Manolo, falan sobre el e sobre a fonda pegada que deixou.

Cinco anos despois, esta web recibe máis de **4.000 visitas mensuais**. É dicir, máis de **100 persoas cada día** entran nesta plataforma para descubrir ou coñecer mellor a Manuel Rodríguez López.



Manuel Rodríguez López

*Por Antonio Giz
Director de Galicia Digital*

Exposición Itinerante

Veu despois a **Exposición Itinerante** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integramente na web). Esta exposición púxose en marcha en Paradela, en agosto de 2013, e nos primeiros tempos estivo en Lugo, Santiago de Compostela, A Coruña, Ourense, Ferrol e Pontevedra. Tamén visitou Begonte, Sarria, Portomarín, Vilalba, Ponteceso, Guitiriz e Meira. Fóra de Galicia, chegou ó Centro Galego de Barcelona e á Casa de Galicia en Madrid.

O ano 2016 supuxo un salto cualitativo moi importante para a exposición: non só seguiu percorrendo Galicia (visitando Celanova, Verín e Viveiro), senón que chegou a varios Centros Galegos do noso país (León, Salamanca e Vitoria). Pero o que realmente fixo medrar o impacto e a visibilidade da mostra foi o feito de cruzar as nosas fronteiras, e chegar a Portugal, visitando o Centro Galego de Lisboa e a Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva en Braga, da man da Universidade do Minho.



O ano 2017 foi, sen dúbida algunha, o ano da consolidación do proxecto, continuando o seu percorrido por Portugal (Universidade de Faro), Galicia (Burela, Mondoñedo, Ribadeo e Vigo) e o resto de España (Universidades de Cáceres, Granada e Bilbao).


A madurez do proxecto Manuel Rodríguez López queda patente no **impacto cada vez maior que ten nos medios de comunicación**, tanto en papel como en Internet. Se as primeiras exposicións practicamente non tiveron presenza nos medios máis aló do anuncio nos medios locais, hoxe en día conservamos na web centos de referencias ó proxecto en Internet, xornais, radio e televisión.

E non só iso, o feito de vincular a exposición a entidades relacionadas coa educación, como colexios, institutos e universidades (lectorados de galego en España e Portugal) asegurar a **masiva afluencia de estudantes**, o que maximiza a difusión do proxecto e da figura de Manuel Rodríguez López.

Publicacións

Por outra banda, seguimos adiante coa difusión das reedicións de dúas publicacións de grande importancia no proxecto: a Antoloxía Poética, creada por Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez, e o folleto que recolle todos os contidos da exposición itinerante.

E finalmente, durante este ano 2017 as obras de Manolo Rodríguez atoparon unha nova canle de difusión, a través da **Biblioteca Virtual de GaliciaDigital** (www.galiciadigital.com/biblioteca_virtual), que periodicamente vai incorporando novas obras do autor, e as pon ao dispor, de xeito totalmente gratuíto, das decenas de miles de visitantes que a plataforma recibe cada día.



Seguimos Camiñando

Pode parecer que o proxecto xa deu boa parte dos froitos que podía dar, pero en GaliciaDigital estamos convencidos de que temos por diante un longo percorrido, e de que aínda queda o mellor por chegar, e por iso seguimos adiante.

E seguimos adiante da man de todas as entidades que permiten levar a cabo este proxecto: a Familia de Manuel Rodríguez López, o Concello de Paradela (que con este Certame Literario é o verdadeiro motor do proxecto e de todos os que estamos arredor), a Deputación Provincial de Lugo, a Real Academia Galega, e a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística), e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Grazas a todos eles.

Para finalizar, o noso máis especial agradecemento vai para Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero e Valentín García, por todo o que fixeron polo proxecto Manuel Rodríguez López.

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

ANTOLOXÍA POÉTICA



Selección: Xesús Alonso Montero e Santiago Rodríguez López
Líman: Xesús Alonso Montero

Bases da XXII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

PRIMEIRA.- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA.- Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

TERCEIRA.- Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética iniciase o día un de outubro de 2016 e rematará o trinta de novembro de 2016.

Enviárase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa)

Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriñanse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta **concello.paradela@eidolocal.es**, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.

- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán

Modalidade: Narrativa e Poesía

ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

CUARTA.- Premios.

Establécese un Premio de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de poesía e outro de seiscentos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de narrativa.

O xurado reservase a facultade de conceder dous accésits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder ata tres mencións de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2017 e farase público polos medios de comunicación e na paxina do web do concello www.paradela.es e www.concelloparadela.es; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accésits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Os autores que resulten galardonados cos premios, accésits e mencións de honra non poderán solicitar unha vez producido o fallo que non se publique a obra ao non haber obtido premio con dotación económica e haber concurrido a outros certames coa mesma obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXII Edición.

SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 23 de maio de 2016

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

Acta do Fallo

Reunidos no Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Paradelas, sendo as once horas do día vinte e catro de maio de dous mil dezasete, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradelas como Presidente; D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; D^a. Mariña Gueimunde González (Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) e D. Ángel Fernández López (escritor e fillo predilecto de Paradelas) como vogais; e D. José López González, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, D^a. Mariña Gueimunde González, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse oitocentas trinta e seis (836) obras, das cales trescentas oitenta e oito (388) corresponden á categoría de poesía e catrocentas correnta e oito (448) á de narrativa.

Foron retiradas cinco (5) obras a instancia dos autores; por mor da súa publicación ou resultar gañadoras noutros Certames, o que pon de manifesto o elevado nivel dos participantes, non só en número senón tamén en calidade; polo que se someteron ao exame do Xurado, oitocentas trinta e unha (831) obras.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o título **HE VENDIDO MI ALMA**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Feliciano Ramos Navarro**, de Montoro (Córdoba).

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**.

-**Primeiro Accésit**, a obra co título **PEGADAS**, cuxa autora é D^a. **Rosario Valcarcel Mato**, de A Caeira-Poio. (Pontevedra).

da XXII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o lema ANGUINUS VIR e titulada **CONFESIONES DE UN FRACASO** cuxo autor é **D. Alejandro Rafael Alagón Ramón** de Huesca.

As mencións de Honra recaeron, na obra baixo baixo o lema Vimbio e título **ONDE HABITAN AS IDEAS**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Sara Dacal Fernández**, de Ourense e a obra baixo o lema Infancia en Compostela e co título **MEMORIA DE PEDRA E AUGA**, cuxo autor é **Don Xosé María López Calo** de Zaragoza.

SEGUNDO.- Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema Paula Teixeira e co título **O CICLO DA HERBA**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Sandra Martínez Fernández**, de Santiago de Compostela.

Asemesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**.

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o lema *Pedro Pablo* e co título **LOS REYES MAGOS DEL BARRIO ASUNCIÓN**, compróbase que o seu autor é **Don Nestor Fabián Cueto**, de Moreno-Buenos Aires (Argentina).

- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título **UNO DE CADA TRES**, sendo a súa autora **Dona Concepción Muñoz Sosa**, de Sevilla.

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema *Cadillac Solitario*, e co título **LOS SILENCIOS DESNUDOS**, cuxo autor é **Don Ernesto Tubía Landeras de Haro** (La Rioja) e a obra baixo o título **A CASA DA FOXA**, pertencendo a **Dona María del Pilar Martínez Manso**, de Bertamiráns-Ames (A Coruña).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as doce horas, do que eu, como Secretario dou fe.

Premio Poesía



FELICIANO RAMOS NAVARRO

Feliciano Ramos Navarro nace en Cerro Muriano (Córdoba).

Actualmente está jubilado, habiendo desempeñado su profesión de Maestro en el primer ciclo de Enseñanza Secundaria, en la especialidad de Geografía e Historia en la localidad de Montoro (Córdoba).

Ha sido miembro fundador y secretario de la Agrupación Literaria de Montoro, Subdirector de la Revista "El Eco de Montoro", Secretario de la Coral Polifónica Montoreña y su Orquesta de Pulso y Púa (voz de bajo y bandurria 1ª).

Ha sido pregonero, colabora en diversas publicaciones, en jurados literarios, como presentador en actos culturales, en recitales, como ilustrador, como letrista de obras musicales, etc.

Fue elegido "Montoreño del año 2002" de la localidad de Montoro.

Amante de la poesía, ha conseguido en esta disciplina más de 475 premios literarios, tanto nacionales como internacionales.

LIBROS DE POEMAS PREMIADOS / PUBLICADOS

INEVITABLE PEREGRINAJE- PREMIO CIUDAD DE BAENA (CÓRDOBA)

DUALIDAD VITAL.- PREMIO VILLA DE GRAZALEMA (CÁDIZ)

MI YO DESDOBLADO- PREMIO MIRANDA DE EBRO (BURGOS)

EX AMOREM AD MORTEM- PREMIO VILLA DE ESPEJO (CÓRDOBA)

SIEMBRA DE MOSTO Y VINO- PREMIO VINOS LA MANCHA DE ALCÁZAR DE SAN JUAN (CIUDAD REAL)

PALPITACIONES MONTOREÑAS- EDITADO POR LA DIPUTACIÓN DE CÓRDOBA Y EL AYUNTAMIENTO DE MONTORO

LIBROS DE POEMAS INÉDITOS

LITURGIA DE EROS - MEDITACIÓN EXISTENCIAL - AGÓNICA IMPOTENCIA - ÚLTIMAS VIVENCIAS - AMOREM TESTARI - DOLOR FEMENINO - PAZ Y AMOR PARA EL OLIVO

He vendido mi alma

Feliciano Ramos Navarro

Hoy medito en silencio,
hasta el alma me duele con dolor de conciencia.
Mis padres ya murieron, se fueron muy despacio,
sin ruido y de puntillas, sin incordiar a nadie,
buscando un mar abierto sin borde y sin orillas.
Fue un tránsito de duelo doloroso en sí mismo,
un terrible accidente puso fin a sus vidas
y segó su existencia como siega la hoz
las doradas espigas.

Tras el trágico trance heredé en testamento
una casa muy antigua con sabores añejos,
un hogar donde late el amor de mis padres
tras feliz matrimonio.

Esta casa atesora mil vivencias dormidas,
proyectos de futuro, recuerdos del pasado,
alegrías, tristezas... , el vivir de los días
de muchos, muchos años,
de innumerables horas rebosando con colmo
sus latidos vitales.

Hoy medito en silencio,
hasta el alma me duele con dolor de conciencia.
Estoy solo en la casa, en el nido de amor
donde yo por fortuna vi la luz de este mundo.
Voy pisando despacio, pienso que las baldosas
cada vez que las piso me contagian las lágrimas
de sus lloros de olvido.

El salón-comedor con desnudas paredes
parece un esqueleto deshuesado con furia,
allí el televisor luminoso mostraba,
frente al blando sofá propiedad de mi padre,
puntuales telediarios, noticias de una España
-según decía mi madre-
que aún cicatrizaba heridas muy profundas
de una guerra pasada, pero aún muy cercana,
de hermanos contra hermanos.
El gran reloj de péndulo dejó sus campanadas
presas en el mutismo de una ausencia obligada
sin poder protestar ni exigir nada a cambio,
y los cuadros, las mesas, las sillas, los adornos...
ya no existen reales pero sí en mi memoria.
Llego a mi habitación, al solar de mis días,
al castillo encantado de mis sueños de niño
donde yo descubría paraísos ignotos.

Mi antiguo patinete, los posters de mis fans,
mis ansiados tebeos releídos mil veces,
mis discos de vinilo...
seguro que agonizan en un lugar ignoto
esperando el milagro de un posible retorno.

Hoy medito en silencio,
hasta el alma me duele con dolor de conciencia.
El pasillo desnudo suplicando presencias,
los techos sin sus lámparas cegados para siempre,

las puertas entreabiertas ofertando su entrada,
la terraza asomada a un vacío infinito,
el aseo luciendo su blancor sin blancura
sumido en las tinieblas
y el batir de unas alas de total soledad
de un impuesto destierro.
Ahogándome de pronto
extraigo de una bolsa que mi mano sujeta
con terrible desprecio
un cartel donde luce una frase maldita:
ESTA CASA SE VENDE.

Un helado sudor resbala por mi frente,
mis manos temblorosas con lentitud amarga
colocan el cartel en la sucia fachada,
al lado de la puerta
y lo miro y lo miro sin importarme el tiempo.
Luego como un sonámbulo,
con la cabeza baja, me alejo poco a poco
mientras que en mi cerebro una voz machacona
me repite incesante:
ESTA CASA SE VENDE, ESTA CASA SE VENDE...
y de repente pienso
que he vendido mi alma.

Accesit Poesía



ROSARIO VALCÁRCEL MATO

O meu nome é Rosario Valcárcel Mato. Nacín na Estrada o 24 de maio de 1960, aínda que resido en Pontevedra desde hai trinta e dous anos.

Son licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela e profesora de Lingua Galega e Literatura no IES Valle Inclán de Pontevedra.

Co-fundadora no curso 2005/6 do Grupo de teatro amador Argallada, constituído por profesores do devandito centro e que segue en activo desde entón.

A lectura e a escrita son dúas das miñas principais afeccións. Escribo desde que teño uso de razón, porén non comecei a presentarme a certames ata hai moi pouco tempo.

Escribín algunhas pezas teatrais representadas polo noso grupo e por algún outro amigo e este ano quedei finalista no Microcatro relato de Vigo.

Pegadas

Rosario Valcárcel Mato

AO MAR-1

Quero ficar alí prendida
no acougo infinito que transportan
as ondas viaxeiras no seu colo,
e quedar tamén alí onde se aloxa,
do aloucado frémito amparada
que tralas dunas se agocha.
Quero mergullarme na marea,
no bruído do mar que enche o silencio,
no recendo único que absorbe
cada poro de pel...,
cada alento.

PEGADAS

Pegadas na area,
selos da vida
que van
na auga que traen as ondas
e na que volven levar.
Outras quedan no devalo
ficando espidas,
sen mar,
orfas do doce agarimo
da espuma
que vén e vai.

AO MAR-2

O mar enche os baleiros profundos
que pesan nas almas.
O mar soa nas horas escuras
que mudan en claras.
O mar, sempre o mar...
soando nas ondas
que bican a Praia

PENAS

No camiño de area afúndense as penas
que bolen no ar
e alí soterradas quedan,
presas de dedos que empurran
querendo ocultalas da luz da mañá.

NO CAMIÑO

Agora estás alí
no camiño da infancia
cos pés mollados
e o medo nos ollos.
A mestra rezando
unha salve eterna
mentres fóra baten
con forza os tronos.
A mestra velliña
que dorme, que berra
e dirixe o coro
da táboa que empeza.
Agora estás aquí
no camiño da vida.
escoitando os soños
dunha nena esquecida
que mollaba os pés
nas pozas da chuvia.

TEMPUS FUGIT

Miro as agullas do tempo
tecendo días no ar,
o seu rebulir pon medo,
os días que se fan noites,
as noites que tornan días
mentres os vemos pasar.
Ansiamos un maino, un lento
camiño por camiñar,
mais bolen estas agullas
que tecen no ar os días
que bolen cara ao final.

DESPEDIDA

Un día estabas, enchías o aire
co doce sorriso de cada mañá
e os teus ollos orfos aínda se vestían
coa ledicia inxenua da inocencia antiga
que ficou atrás.

Un día estabas...e a ausencia ladroa
achegouse á porta cos seus pés de la.
Agora só queda un pouso que enche
de bágoas recordos que te fan voltar
e sorrís de novo e os teus ollos tristes
vestindo a ledicia vólvennos mirar.

PAI

Berros fríos na noite imaxinada,
silencios que encherán todos os días
e no ar fican preguntas sen resposta
que traspasan miradas fuxitivas
E ti, pai arrebatado, dime onde vou
para poder escoitar as túas verbas,
para poder sentir as túas mans,
e apreixalas coa forza dunha nena
que senlleira te buscaba.

Dime onde vou para atoparte
e non ficar así, orfa de ti,
pai roubado, dime onde vou.


Dime onde vou para encher
os meus anos de nena asolagados
no baleiro que medrou da túa ausencia
e nas bágoas que xurdían agochadas.

Dime onde vou para aprender
o que nunca puidiches ensinarme
e quedei, coma a area sempre enxoita,
á que nunca molla o mar dela dinstante.

Dime onde vou, pai, dime onde vou
que quero á fin sentir o teu abrazo
que xa vai sendo hora de atoparte
rodeando o meu corpo vello e canso.

Dime onde vou, para volver
ser a nena que soñaba que volvías,
e encontrarme perdida na túa aperta
e descubrirme aí todos os días.

Accesit Poesía



ALEJANDRO RAFAEL ALAGÓN RAMÓN (Huesca, 1969) comenzó a escribir en Andorra, país en el que residió seis años y medio. Licenciado en Filología Hispánica por la Universidad de Zaragoza, busca en la realidad cotidiana materiales poéticos que le permitan expresar una visión original y cercana del mundo, en especial de los perdedores y de los olvidados. Técnico de Empresas y Actividades Turísticas y Educador de Museo, trabaja en la actualidad como informador turístico.

Ha publicado varios libros de poesía, entre los que cabe destacar: *Conversaciones con Ibrahim* (Primer premio en el XV Certamen Mario Ángel Marrodán de Portugalete, 2011), *Horas serias* (Primer premio en el XX Certamen Acordes de Espiel (Córdoba. 2012), *La invasión de los seres vencidos*, (Premio Ramón de Campoamor de Navia, Asturias, 2012), *Himnos de la amnesia*, (Premio en el Certamen de la Casa de Andalucía de Denia, 2014). Ha obtenido seis premios en Argentina: entre otros, el primer premio en el III Certamen de sonetos de la ciudad de Dolores (2012), el primer premio en el II Certamen de Poesía Atiniense en Buenos Aires (2012), y una mención de honor en el Certamen Internacional "30 años del Diario Hoy Canelones" (Uruguay, 2011).

Como investigador ha centrado su interés en la Leyenda de la Campana de Huesca. La Universidad de Zaragoza editó su estudio titulado "El tema literario de la Campana de Huesca" en el volumen *Temas Literarios II*, publicado por las Prensas Universitarias de Zaragoza (2014). Becado por el Instituto de Estudios Altoaragoneses (2015) para realizar en la Biblioteca Nacional de Madrid el estudio y traslación de la pieza teatral de *La gran Comedia de la Campana de Aragón*, obra de Antonio Martínez de Menezes y Luis de Belmonte, escrita hacia 1637. Recientemente la Universidad de California ha publicado este trabajo en el portal Ehumanista. Ha sido conferenciante en el Ciclo Leyenda Viva, donde dio a conocer la Teoría Becqueriana del lienzo de la Campana de Huesca, obra de José Casado del Alisal. Asimismo es autor de los textos de las placas metálicas situadas en las calles del Casco Antiguo de Huesca, ubicadas con la función de explicar el origen de los nombres y las singularidades de cada lugar.

Confesiones de un fracaso

Alejandro Rafael Alagón Ramón

ANGINUS VIR

I

Hoy la estufa se ofende al abrir la ventana
y las mazas derriban las últimas certezas
y aporrean el yeso cosido a la pared
y desnudan miserias calladas en los muros.

Resucitan goteras y el invierno contempla
los salones en ruinas, sin compasión irrumpe,
invade cada día los radiadores gélidos,
las azoteas sucias, los garajes, los sótanos.

Peones, albañiles, obreros, capataces,
aprendices de un mundo con los plomos fundidos,
adivinan entonces la soledad que mide
las oportunidades muertas, los días mudos.

Y las obras convocan la nostalgia del vulgo,
que mira de reojo el llanto de las tejas,
el eco del tabique que al caer recupera
los colores antiguos, el tiempo, la intemperie.

Los camiones amansan la cólera del polvo,
la fila de azulejos que yacerá en las zarzas,
la porcelana rota, derrotada en el patio,
la amnesia de colchones que el azar ya conoce.

II

Repican los aplausos en todas las butacas,
el público libera su emoción y las palmas
maduran en el aire sonoras ovaciones
y una pena profunda se adueña de la sala.

Acaba la película, los viejos personajes
se encogen en la cinta, ajenos al clamor
que suscitó su fama, aguardan un letargo
que durará dos horas detrás de la pantalla.

Un llanto se prolonga en algunos asientos,
se desvanece el cine en las miradas duras,
en las heridas gélidas de los protagonistas
tras ese desenlace mudo en el celuloide.

Los títulos de créditos avanzan perezosos
como el hondo reflejo de la nubes copiadas
en un charco, resbalan, desaparecen los nombres
menores en un índice variado, minucioso.

Y se encienden las lámparas y la luz interrumpe
los sollozos secretos y el dolor se corrompe
mientras ese metraje se aleja solitario
al fondo de la sala, como si fuera un potro.

III

El cerro, la colina, mantiene su aspereza,
su vértice achatado, el aire mortecino
de una tierra severa que ofrece matorrales
sumisos, derrotados, en esa cima extraña.

Allí llevan los dueños a sus perros ansiosos,
allí derrapan motos de trial en sus laderas,
allí brilla la lluvia en los días adustos,
allí callan las huellas del ajusticiamiento.

Alcor, otero, loma. Allí la multitud
injuriaba con furia a las brujas y herejes,
se añadían al miedo los odios, las envidias,
los rencores malsanos de unas vidas hambrientas.

Tormentas y diluvios que arruinaron cosechas
de trigo y de cebada se encogen en un pliego,
las calumnias se arrugan varios siglos después
tras avivar las llamas y espolear la hoguera.

Se preparan las horcas dentro del pergamino,
el verdugo coloca sin piedad una soga
al cuello de la víctima, que reza una oración,
y la figura pende inmóvil de la página.

IV

Hay granadas de mano que yacen como piñas
intactas, inquietantes, rescatadas un día,
recuperadas bajo torreones de barro,
rodeadas de lodo y de vivos cadáveres.

Varios cascos metálicos surgen como reliquias
de unos conflictos bélicos, de rencores que nunca
se acabaron y brillan en los impactos secos,
junto al tiempo callado en un reloj de mano.

Hay bombas que cambiaron el rumbo de un combate
y jamás detonaron ese vientre mortal,
silencios que reúne la feria de anticuarios,
proyectiles intactos con sus cuerpos estériles.

Yacen las cantimploras, heridas de agujeros
de bala, deformadas también por el zumbido
veloz de la metralla, objetos misteriosos
que quizá ayer saciaron la sed de un moribundo.

Allí donde conviven las guerras, las batallas,
en esa mesa austera de un puesto de antigüedades,
se acercan los curiosos y bostezan tediosos
ajenos al lejano estruendo de otras épocas.

V

La maceta indecisa escogerá un segundo
para olvidar el tímido hueco de la ventana,
sembrar incertidumbre con su vuelo cerámico
y ocupar un instante de pánico en la calle.

La corriente de viento o un gato que tropieza,
la mano que derriba sin querer ese tiesto
al limpiar el alfeizar, un roce de persiana,
un ladrón que penetra con su saber furtivo.

El azar, minucioso, acelera un silencio,
y medita un suspense, un desenlace sucio,
una ruleta gélida que paraliza el día,
un ruido, un gran estruendo vencido en mil pedazos.

Un detalle atractivo en un escaparate,
la duda de un semáforo, una conversación,
deciden si el percance se evita o se produce,
el azar no negocia, improvisa, sorprende.

La familia respira, recupera el aliento,
imagina la suerte que ha evitado el trauma,
dirigen sus miradas hacia el cielo imperfecto,
atrás queda la tierra torcida en una acera.

Mención de Honra Poesía



SARA DACAL FERNÁNDEZ

Ourense, 23 anos

Graduada en Dereito e Máster en Abogacía

Escrebe de forma ocasional e persoal dende a súa nenez. É o primeiro certame literario ó que se presenta.

Onde habitan as ideas

Sara Dacal Fernández

En todo está o vértice do seu cariz,
nívea de luz e de tempo,
enraizada no prado nutrido e fértil,
como unha morna bágao de labrego,
como unha filla que a terra xesta.

Na súa gorxa ambarina
calado e ledo descansa
un suspiro, un leve himno,
como un axóuxere de mar,
como un acorde eterno;
a súa voz crea un nimbo
que mexe po e pedra,
que soa no vento.

Vexo os seus ollos na negra semente,
como un mouro abano o arco do seu ollar;
vexo o seu bico na pel da mazá,
vermello de saúde e de sangue;
vexo o seu lombo no pardo da terra
como unha vértebra de espiga e óso;
véxoa no primeiro pálido albor
nun niño de fíos de ouro.

Toda ela de inmensa fauna
pousa na miña verba durmida,
e esperta o meu nervio máis puro,
aquele que desangra o fugaz fulgor das ideas
e na albura do papel as fai eternas.

Pois onde ela habita
as ideas durmen,
agardan a que nela pouse
o meu máis limpo mirar;
e entón aladas baixan
entre calma e ciobra
e o máis san miolo poboan.

Onde ela habita,
a beleza mora,
no millo veado,
no manseliño nacer
de auga na roca,
no débil pulso da tempa
do vimbio no vibrar,
da muller nas cadeiras,
na paixón dos homes,
tan vívida e voraz,
que hoxe aquí sangra,
na vera obra dela:
inspirar ó alma.

Mención de Honor Poesía



XOSÉ Mª CALO

- Lugar de nacimiento: SANTIAGO DE COMPOSTELA
- Lugar de residencia: ZARAGOZA

1.-OBRA EDITADA:

POESIA:

- *Diálogo Invertebrado* - Col. Poemas - Zaragoza, 1.968
- *Ujida del Angel* - Col. San Jorge - Zaragoza, 1.983
- *El ciprés y la Novia* - Ed. Campzar - Zaragoza, 1.987
- *Risala del amor ausente* - Ed. Campzar - Zaragoza, 1.987

ANTOLOGIAS:

- *Poemas a viva voz II*- Antología y plica individual - Col. San Jorge - Zaragoza, 1.989
- *Perro sin dueño*- Antología de haikus - Fac. de Derecho/ UCLM - Albacete, 2008
- *O corvo* - Xunta de Galicia/Ed. Cons. de Cult. e Dep. - Concello de Paradela, 2.008
- *Himno y lamentación del hombre cósmico* -Xunta de Galicia/Ed. Cons. de Cult. e Dep. - Concello de Paradela, 2.012

NARRATIVA:

-Relatos de Zaragoza - Antología, 1.985
-Relatos de Zaragoza - Antología, 1.986
-*Hadit del Caballero Templario* - Ed.Obelisco - Barcelona, 2.001

2.-PREMIOS:

Poesía Hispanoam. Universitaria, 1.966: *Primer premio*
Poema de Amor Amantes de Teruel, 1.970: *Mención de Honor*

San Jorge de Poesía, 1.983: *Primer premio*

Villa de Benasque, 1.986: *Primer premio*

Fernando Rielo 1.983, 1.984 y 1.993: *Finalista*

Villa de Benasque de Poesía/*Aut. Aragoneses*- 2.007: *Primer premio*

*XXIX Prem. Int. de Poesía Ciudad de Melilla, 2.007: *Finalista*

I Prem. Orola de Vivencias, 2007: *Selecc. para publicación*
II Conc. Int. de HAIKU Univ. de Albacete, 2007: *Finalista*

XIII Certamen Manuel-Oreste Rodríguez López, 2.007: *Primer accésit de poesía*

I Premio de Poesía Villa de Alón, 2009: *Finalista*

*XXXII Prem. Int. de Poesía Ciudad de Melilla, 2.010: *Finalista*

XVI Certamen Manuel-Oreste Rodríguez López, 2.011: *Primer accésit de poesía*

XXII Certamen Literario para personas mayores Experiencia y Vida, 2.016: *Seleccionado y editado*

Memorial de Pedra e Auga

Xosé M.^a Calo

- *Infancia en Compostela*

I

CONVENTO DE SAN FRANCISCO

O murmurio incesante da auga tras da reixa,
a imprecisa distancia na memoria incerta
dun meniño nunha hora efémera e eterna.
O grito intermitente dun sapo que sesteia
entre o húmido limo cá parede verdea.

O austero muro do convento; a sorpresa
barroca do silencio volto granito trepa
e creba a fachada durmida da igrexa.
(Dentro -púlpito, altar, fume do incenso e velas-
todo o misterio, intacto aínda, asexo).

As arcadas do claustro cercan a tarde enteira,
a calada clausura ule a paz e a madeira;
filtran os ventanais a claridade serea
e última do ocaso. Apenas a severa
silueta d'algún frade meditando s'arreda.

San Francisco de Asis -saial d'oscura pedras
suas mans tendidas ao irmán Sol reza
e as aves predica palabras que liberan
cobixado na sombra da cruz verdadeira.

Lanzas de ferro e bronce as portas son da verxa
dun breve cemiterio a humilde paz encerran.
Vellas cruces de forxa e cruces de madeira
inclinadas, anónimas, vencidas se dispersan
cima das pobres tumbas escavadas na terra.
Centenario un ciprés ergue a sua agulla negra
xunto ao muro fendido cuberto pola hedra.
A soidade esténdese sobre as ánimas mortas...
Apenas un instante a vida se revela

aos ollos dun meniño que mira entre as reixas
e que logo, olvidado, xúntase a outros que xogan.
A chuvia, interminable, vai labrando a pedra
da exacta materia cá noite lle entrega.
E n´alborada seguinte, un pouco mais enteira,
xurde, unha mesma e nova, a eterna Compostela.

I I

RIBEIRAS DO SARELA

Na beira do río

Serea, trasparente, calada, se desliza
entre a húmida herba a auga fuxitiva.
A hedra trepadeira sepulta unhas ruínas
de nostálxica pedra rota e descorida.

Áxil arco de pedras cá chuvia agarima,
saltando a corrente, une as dúas ourelas
una soitaria ponte. Cantando coa brisa,
con rumor de cristais o Sarela precipita
o cambeante caudal na sua cega rutina,
fluíndo co tempo en incansable fuxida.

As inqedantes algas e o verde limo axitan
o inmóbil misterio que no fondo habita
e o misterio da auga sempre unha e distinta.
Límpido azur do ceo, na gris lexanía
do horizonte o sol, poñéndose, alumea
o difuso misterio dunha nube adurmida.

Trémulos despertando nesa hora precisa
uns ollos de meniño fugazmente s´abrían
ao eterno segredo do tempo e máis da vida
que sóñanosno tempo e no tempo termiña.

A tarde disólvese tuda en melancolía
ferindo co seu peso a alma estremecida
do neno que s'arreda e arredándose... ¡olvída!.

e III

COLEXIATA DO SAR

Barco de pedra gris entre a pedra ancorado;
inmóbil viaxeiro dun soño ensimesmado;
estática galera de granito navegando
o invisíbel mar do tempo e dos océanos
dun oscuro recordo distante e olvidado.

Petrificada lume, cárcere dun deus abandonado;
permañente oración, refuxio solitario
do cansazo dun home, peregrino estraviado
cá vidapercorre; melancólico escravo
da profunda tristeza do seu ser desterrado.

¡Qué ebrio bosque de místicas palmeiras ou alzados
pétreos remos en vertical impulso cicelados
- as tuas columnas que os homes ou o tempo han inclinado -
sosteñen isa bóveda e impulsan o viaxe imaxinario
do teu voo na terra. Qué firmes, sosegados
arbotantes retéñente ferindo o teu costado.
Qué vexetal misterio de paz no teu xardín cercado
-coma soñara Borges- claustro dun só lado!.

O Sar na distancia traza o seu lento arco
pra abrazarte; e leva entre o seu leito craro
memoria das túas pedras e o perfil dos teus anos.
¡O seu rumor é o eco dos teus bronces soando!...

Premio Narrativa



SANDRA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ

Son luguesa. Nacín nunha aldea que se chama Bascuas, no lugar da Laxe (Concello de Lugo), no ano 1982. Estudei Psicoloxía e Educación Social. A día de hoxe resido en Compostela e son psicóloga nunha consulta propia.

Escribo dende que teño memoria. Con 16 anos, obtiven un acésit na categoría de narrativa no XXVII Certame Literario Minerva (1999) co relato titulado "Cousa de meigas".

Despois de moitos anos escribindo en cadernos e diarios, só para min, retomei a necesidade de contar historias hai un par de anos, e no 2016 obtiven o segundo premio da XVI edición do Certame de Relatos Curtos Os Viadutos do Concello de Redondela co relato "Biografía dun saco de patacas ao lombo".

O ciclo da Herba

Sandra Martínez Fernández

Tiña dezaseis anos cando coñecín a morte. Non era unha rapaza protexida demais ou que vivise nunha burbulla, así que eu xa vira defuntos con anterioridade. Meu tío Carlos, atropelado polo seu propio tractor, ou a bisavoa Casilda, que finara na casa un día calquera, despois de que eu soprara as candeas dos seis anos. Aquela noite fora distinta, topara coa Morte por primeira vez.

A historia que conto sucedeu no ano noventa e oito e acababa de falecer a miña veciña, Isolina, porta con porta. O máis sorprendente non foi vela no cadaleito, aquela mesma tarde, cos ollos pechados e as mans en cruz. Ela, que sempre tivera os ollos moi abertos (un pouco saltóns) e as mans sempre á vista (nunca en cruz). Nin foi observar como a metían nun burato anano no cemiterio de Cerneda. O máis abraiante foi que aparecera pola noite, aos pés da miña cama. Despois de morta.

- Ai, María Santísima!

- Ola Paula.

No primeiro instante acudín á Virxe ao ver a Isolina, e descubrín daquela que, nos sobresaltos, saíanme expresións da miña avoa, devota cristiá. Así que berrei como se vise ao lobo.

- Ninguén te vai escoitar -díxome moi seria-. As pantasmas temos o poder de silenciar o medo.

Metinme debaixo das sabas, tremendo, atravesada polo pánico. Pechei os ollos moi forte e respirei máis amodo, aos poucos. Definitivamente, era un soño, tiña que ser. Fun asomando a cabeza e alí estaba, sentada enriba da miña colcha, cunha man esvarando pola súa perna dereita, como se estivese pasándolle o ferro ao mandil.

- AH! Socorro! -berrei de novo.

Paralizada, despois dun intre eterno, sen reacción algunha da ánima que me observaba, estendín a man cara a parede e tentei acender a luz. A chave non funcionaba.

- As luces non acenden ante a presenza dun espírito -espétoume ela, cun pouco de sorna.

Dun chimpo, saín da cama e corrín cara a porta. Estaba fechada, pero insistín, axitada. Despois din a volta, pregando. Eu nunca rezara na miña vida, descoñecía as oracións, pero vira á avoa representar o procedemento: pechar os ollos, colocar as mans xuntiñas e borboriñar cara o ceo. Se estás aí, fai que esperte, dixen para min, non quería que ela escoitara. Abrín os ollos con toda a fe que acababa de adquirir e nada, alí permanecía, Isolina, con medio sorriso asomando entre as súas engurras de vella.

Premio Narrativa

- Nin as portas abren. É mellor que volvas á cama ou inda che vai coller o frío.

- Pero... ai, *diosmio!* Que toleada é esta? -reclamei.

- Nin tanto *Dios*, que nin bautizada estás -sentenciou de novo.

A verdade é que foi escoitar de novo a súa voz e sentíla como a miña veciña, unha coidadora, unha avoa máis. Reparei noutra posibilidade, podía parecer insólito, mais a Isolina chistábanlle moito as brincadeiras.

- Isolina, non estás morta, verdade?

- Si, estou.

- Pero que fas aquí? Vaite!

- Estou aquí para falar contigo. Non te preocupes que non che quitarei moito tempo. Vírei tres noites para darche tres recados.

- Isto non é verdade, non é verdade... estou toleando. Quero espertar!

- Entrementres vas acougando, pónnome coa calceta. Non te asustes, non te vou mancar. Pero non podo estar sen facer nada, ben sabes. Cando queiras, avísame para que falemos.

Isolina sacou do peto (demasiado pequeno) un novelo de la e unhas agullas. Despois, coma se nada daquilo fose xa o suficientemente absurdo, comezou a tecer. De novo, espantada, intentei fuxir do cuarto, abrir a ventá. Berrei, berrei moito. Dinlle couces á porta, sen éxito e a Isolina seguía alí coa súa la vermella, en silencio, quen sabe se morta ou viva. Eu, cando cansei, mantívenme en pé, coas costas pegadas á porta, reparando en todas as hipóteses posibles, as científicas e as esotéricas.

- Isolina -reclamei ao fin, exhausta.

- Ai, que ben, Pauliña, estás mellor? -celebrou cunha ollada de tenrura e volveu á calceta.

- Estou morta? -preguntei cun ton de miñaxoia.

- Aínda non.

Respirei tranquila. Que ela estivera morta era unha cuestión a resolver, pero que eu o estivese xa era demasiado a xestionar.

- Pero, ti si que estás morta?

- Efectivamente, xa estou no pichoco.

- Ai *diosmio*, que espanto -insistín-. Pero como é que estás aquí falando comigo?

- Xa cho dixen -musitou con certa sorna, de novo.

Isolina deixou a calceta e reparou en min con aqueles ollos verdes saltóns que alumeaban coma dous farois na escuridade do cuarto. Suspirou e articulou unha explicación.

- Antes de morrer deixei pechado o meu testamento, cría que iso era todo ao morrer. E resulta que non, que o máis importante quedou sen facer.

- Pero... eu, que podo facer eu?

- Só escoitar. E ser guiadiña. Estás preparada?

- Si, *boeno*, eu que sei, dálle. Isto ten que ser un soño.

- Alá vou. Recado un: preguntalle ao teu *irmau* como se fixo a ferida no pé.

De súpeto, marchou. Isolina esvaecérase en segundos coma se estivese feita de fume. Aterecida polo frío, despois de varios minutos sen poder moverme, metinme na cama e chorei. Era o pesadelo máis desconcertante da miña vida e deiteime envolta no medo e, así a todo, adormecín aos dez minutos.

RECADO UN. Empacar.

Escoitei aos avós e abrín un ollo. Estaban embaixo rifando, no patio. Recoñecín a muxidora e as cadeas das vacas movéndose contra os ferros da corte, non había nada máis real ca eses sons naquel intre, a referencia de que continuaba cos pés neste mundo.

Serían as oito da mañá. Algo falaban dun balde, de quen o perdera. Amelia chamáballa tarambainas ao avó, e Pepe, a súa vez, negábao todo. Respirei tranquila ao verificar a normalidade na miña casa despois do suceso da noite anterior. O mundo segue, pensei, mais lembraba perfectamente a visita da Isolina, toda a conversa, palabra por palabra. Pero xa quedaba lonxe, non me daba medo. Coido que había algo en min que relativizaba o drama ao abrente do día, é posible, non o lembro, que até me pegara a risa ao verme naquel soño falando cunha morta.

Era *vrau*, estaba a ser un agosto infernal e aquel día tocaba faena coa herba. Despois de xantar comezou a tarde de traballo, o día anterior non se puidera empacar por mor do respecto ao loito. Estabamos a xente da casa: miña mai, tímida e dilixente, meu pai, un chisco colérico e meu *irmau* Antón, mistura de ambos. Tamén os avós e, a maiores, botaban unha man Marcial do Cego, que era o que tiña a empacadora, Suso dos Soutomaiores e Felicitas da Casa Grande, dos que se murmuraba mantiñan unha aventura en segredo. Alguén os pillara nunha palleira, sen roupa.

Tratábase da primeira leira que empacabamos no verán, así que non era un día tranquilo. Meu avó poñíase moi nervioso: había que organizar as ferramentas, procurar que os tractores e remolques estiveran a punto e que houbera suficientes

cervexas para o persoal. Coma case calquera tarefa da casa, pero dun xeito máis agudo nas grandes ineludibles (as patacas, a matanza, a herba), a familia andaba ás carreiras e falándose mal. Tamén, incrementaba a división do traballo entre homes e mulleres, semellaba que, cando había xente de fóra, as actitudes debían ser aínda máis conservadoras. Certas tarefas pertenciánnos ás mulleres: anciñar e arrimar a herba ao paso da empacadora, axudar a colocar as pacas no remolque e levar caldeiros con xeo e cervexas, ademais do “obvio”, preparar a merenda que se levaba ao prado (queixo, chourizos e pan) e a cea que se ofrecía na casa, rematado o labor. As mulleres cumpríamos unha función de servizo ou auxiliar que a min comezaba a amolarme, así que non era doado levarme polo rego.

Aquela tarde, rifei co meu pai por non deixarme levar o tractor para casa. Dixérame que tiña que ir camiñando detrás, co resto das mulleres. Resistín un pouco no asento do condutor, pero non o conseguín, aquel día, mais negárame a servir a mesa aínda que o papá non me falara no que quedara de cea. Até que marchou a veciñanza, e logo si, lembro que estourou.

- Paula, *caghonacona*, non sei se me explico cando che digo que non me repliques diante da xente –advertiu cun golpe na mesa.

- Hai que ir modernizándose -repliquei con certa seguridade.

- Anda, anda! Que saberás ti! -berrou-. Se queres axudar mañá, ben, pero non estorbes con mimos. Para iso, queda vendo a televisión.

Torcín o fociño e marchei da cociña anoxada, con tanto espavento que choquei co meu *imau* no limiar da porta. Antón xa non vivía en Cerneda, marchara para Lugo había un par de anos, ao cumprires os dezaioito. Deixara de estudar e puxérase de aprendiz nun taller mecánico da capital. Só viña á casa nos ineludibles.

- Ei! Que vas acelerada! A onde vas?

- Vou á palleira, a visitar aos gatos.

- Veña, que vou contigo.

Fixémonos cunha lanterna e dirixímonos cara fóra, namentres, detrás nosa, unha pregunta (retórica) de pai ía diminuindo de volume: “Non tendes nada *millor* que facer que ir zangonear por aí adiante?”.

- Non hai quen o ature -confesei coa voz miúda.

- Iso foiche de sempre... ai! -Antón laiou se mirando cara o chan-. Picáronme as pallas nos pés!

Enfoquei coa lanterna cara os seus pés, ía en alpargatas. Vín a deda do pé dereito denegrada.

- Que che pasou no pé? -preguntei.

Xusto despois de pronunciar a frase, lembrei. Un nó de xeo instalábase na gorxa. Non o podía nin crer, estaba obedecendo á Isolina.

- Nada... onte dinme un golpe. Unha parvada – desdeñou e mudou o ton-. Mira! Velaf está o niño dos gatos.

- Non, dime a verdade -de súpeto, insistín, no peito tiña a certeza.

- Boh! Nada, que onte levaba unhas copas enriba e dinlle unha patada a unha parede. Estame ben, por cheas -dixo coa mirada baixa.

- E logo?

- A ver... estaba enfadado, sen máis.

Sentámonos na herba e alumeamos cara á nova camada que tivera a Filomena, a nosa gata salvaxe.

- Hai uns días rifei co papá -díxome, ao fin.

- Vaites! E iso?

- Foi na taberna de San Roque, xa sabes, onde vai xogar a partida os mércores. Había tempo que non paraba por alí e non lembraba que era o día do tute. Se chego a saber... e por riba levei unha rapaza.

- Eil, pero tes moza, pillabán? -dixen ao tempo que lle fixen unha chiscadela.

- Boh! Non é... é unha amiga, vaia. Estamos a coñecernos. Chámase María, é a prima do Chincheta, ben sabes, este amigo meu da parte de Friol. O caso é que coincidín co papá e coa camarilla del. Achegueime a saudar e presentelle á rapaza, non sei que me daba... por non ser un toxo. El botou unha gargallada e comezou a menosprezar. Que se eu que ía ter moza, que tiña que ser moi parva para aturarme, que calquera do bar tiña máis xeito ca min. Que cabrón. Non sabes a vergonza que pasei. María non sabía que dicirme, eu quedei calado e leveina para casa, nin case adeus lle dixen. Sentíame moi humillado.

- Xa – asentín.

- E, nada, logo aparquei o coche, saín e dinlle unha patada a unha parede.

- Tes que falar con el – apurei a dicir.

- Ca! Non se pode -cortou Antón.

- Inténtao polo menos. Quéreche ben, iso seguro.

- O que é seguro é que a familia non se escolle -riu con algo de amargura.

Mireino un anaco. El xogaba co gatiño coma se non pasase nada.

- Antón... non fuxas del. El debe saber que che fai mal... que sentes que non te trata ben. Quitaralle importancia, de inicio. Igual, rise de ti. Pero todo queda.

Devolveume a mirada sorprendido. Ficou un anaco en silencio.

Premio Narrativa

- De onde sacas isto que me dis?

Por suposto, non sabía responder. Saían as palabras unha detrás da outra, todas semellaban obvias.

- Só sei que te vexo triste, nada máis.

Sorriu e pasoume a man polo pelo, despeiteándome o floco. Retornou ao gatiño ao seu niño e volvemos para casa.

Entreí no cuarto, cansa. A conversa con Antón deixárame unha sensación de peso no corpo, os ollos caían coma persianas. Case sen tempo a poñer o camisón, quedei durmida. Serían as dúas ou tres da mañá cando unha man fría aloumiñaba as miñas meixelas. Custoume, pero acordei.

- Outra vez! -díxenlle á pantasma mentres me incorporaba dun chimpo.

- Xa cho dixera! Que pensas? Que non teño palabra? -contestoume Isolina.

De novo, atopeime desconcertada. Soño ou vixía? Ao cabo dun minuto en silencio, e vendo que ela seguía alí, decidín ir ao grao.

- Isolina... falei con Antón. Pero non entendo para que.

- Oi! Fixeches moi ben. Escollín ben á miña aliada -díxome cunha chiscadela.

- Pero a cuestión, cal é? Que amiguen meu *irmau* e meu pai? Para iso volves do Máis Alá ou como se chame?

Isolina axustou o seu mandilón e, con coidado, sentou aos pés da cama. Pasou a man pola fronte engurrada. Como estaba máis tranquila, observeina ao detalle. Semellaba tan viva coma min. O seu corpiño miúdo (menos dun metro cincuenta) alí, pousado no meu cuarto. Vestía un mandilón de cadros grises e negros e, por debaixo, un xerse verde botella. Nas pernas, levaba unhas medias negras e, por riba delas, asomaban uns calcetíns de deporte brancos, cunha lista negra e outra vermella, sen o elástico. Foran do meu pai. Nos pés tiña unhas botas de goma recortadas polos nocellos, coma sempre, pois dicía que o calzado de caña molestáballe ao camiñar. Na cabeza anoábase un pano negro e, daquela, lembrei que había décadas que vestía de loito livián. Foi a derradeira dos *irmaus* en morrer, nunca casara, nin tivera descendencia.

Sempre estivera moi preto da miña casa, alén de ser a veciña. Coidaba de Antón e de min e axudaba á miña familia nas tarefas. Ela levábanos todos os días á parada do bus escolar, que estaba ao carón da estrada xeral, a medio quilómetro da casa. Cantas veces sacaba o pano para asoarnos os mocos. Sabía a vida de todos os veciños, así que encantábanos escoitar os contos do redor. Foi a primeira que nos falou da posguerra, da emigración, do lobo e da fame. Sobre todo, da fame. E alí estaba, aos pés da miña cama, despois de morta.

Logo dun tempo en silencio, sacou a calceta do seu peto. Xa adiantara máis dunha cuarta na peza. Naquel intre pregunteime se andaría coa la no Limbo, onde presuntamente debía resistir. Soábame que existía ese lugar, aínda que eu nunca asistira ao catecismo, nin cursaba relixión católica. Pois ten graza que lle apareza unha morta a unha atea, pensei. Ao rematar á volta do revés, falou.

- Pauliña. Ser vella é coma ser nena outra vez. Ves con claridade.

Fixo un silencio sonoro, nun salouco, e continuou tecendo e falando. Escoltábaa con moita atención.

- Sodes a familia que me quedou ao morrer a miña derradeira irmá. Non teño nada que remexerlle ao meu, non queda vida. Pero, para vós, estou en tempo.

- Non entendo, Isolina, tan mal nos ves? Vai pasar algo malo?

Non me miraba, pero na súa face debuxábase un sorriso pequeneiro. Non a vía ben, mais intuía o xesto.

- Non, muller. Só sodes unha familia máis. Non vexo o futuro, pero son quen de ler o pasado. Esa é a cuestión. Eu penso que, xa que veño a verte despois de morta, con todo o estraño que é, alomenos fíate de min -miroume co sorriso xa completo.

- Non si, se raro é dabondo. E agora, que? Que vai ser o seguinte?

- Ai, si. Recado segundo. Este vai ser un chisco máis difícil. Atenta: métete no cuarto dos teus pais, abre a naveta segunda da mesiña esquerda e atoparás unha foto en branco e negro. Ensínalla ao teu pai. Moita sorte.

E marchou. Repetín para min o mandado, naveta segunda da mesiña esquerda. Á terceira repetición, caín nos brazos de Morfeo.

RECADO DOUS. Segar.

As contras quedaran abertas. Cando acordei, xa non había ninguén na casa. Toda a luz inundaba o cuarto e non se escoitaba nada, alomenos non o estouro propio das mañás. Mirei para o reloxo e decateime de que quedara durmida. Era case mediodía, así que concluí que marcharan os meus, e que o fixeran sen min a pesares de que aquel día tocaba segar o prado da leira máis grande. O sol pegaba con intensidade e eu recibino con agradecemento, pois erguérame algo ríxida, cos brazos e pernas entumecidas.

Cheguei á cociña e atopeime coa escena típica do xantar que se prepara con certa planificación. Ao lume, moi baixo, ficaba unha pota cocendo. Abrín o testo e ulín un guiso a medio facer. Na neveira, unha ensalada rusa esperaba para ser servida. Era visto que trazaran todo sen contar comigo. Sentíame aliviada e, tamén, un pouco

soa. Cando era máis nena non había opción de quedar durmindo ante as tarefas do agro. A verdade é que non se podía, pero eu tampouco quería perderme nada. Na adolescencia, despois de varias das miñas protestas, ás veces deixábanme na casa. Así podía ler, ver a televisión ou aproveitar e chamar por teléfono á miña amiguísima Andrea. Se estaban na casa non podíamos falar das nosas intimidades, coma do último mozo dela, que tocaba a guitarra nunha banda de rock. Con todo, eu sentía que daba un paso lateral, que me desprazaba das rutinas cotiás, que cambiaba o anciño por outras cousas... máis urbanas. Pouco me restaba (un par de anos) para coller o andante cara Compostela e renunciar para sempre á vida de aldea tal e como eu sempre a coñecera. Aquel día non o sabía, pero ía ser o último agosto completo na herba. Emporiso, hoxe, moitos anos despois, hai días de vrau nos que, aínda que camiñe sobre o asfalto, o vento tráeme ao nariz o olor das pacas ao ser cargadas no tractor. Chéirame a infancia e éncHEME o peito de verdade.

Ao tema. Despois de almorzar algo, lembrei o mandado. Que ben, pensei, non están na casa, perfecto para revolver nos caixóns. Desta volta rexistrara con máis claridade á Isolina, falando e tecendo. Parecíame toda unha aventura, non me daba medo que estivera morta. De feito, para min, non o estaba. Era a muller que me criara, que me coidara e agora viña charlar comigo polas noites. Dérame moito máis medo ver como a metían no burato do cemiterio de Cerneda, onde vai parar.

Entrei no cuarto dos meus pais, ese lugar que nunca traspasaba e soamente albiscaba dende o corredor. Era a habitación máis grande da casa, con dúas fiestras. Ulía coma ulían meus pais: a *Ducados* negro e a crema *Nivea*. Fun directa á mesiña de noite que estaba máis preto da ventá e abrín a naveta. Debaixo de ducias de sobres, escrituras e cartas do banco asomaba unha caixiña de madeira, co pecho dourado. Tiña un cadeado pequeno, mais non estaba fechado. Armeime de afouteza e abrín a caixa con coidado. Alí atopei unha foto, que estaba por riba de todas, semellaba vella e antiga. Tratábase dunha foto que eu nunca vira. Tíña na man cando entrou meu pai no seu cuarto.

- Pódese saber que fas aquí?

No peito, sentín dor. O corazón era unha pataca fervendo e, inmediatamente, as meixelas encarnáronseme mentres as mans tremían do susto. Non escoitara nada, estaba perdida. El mirábame quedo, co xesto turbado, estrañado. Agora sei que aquela situación era case imposible, co ruído que produce unha segadora e, por riba, avó Pepe, ao que se lle escoitaba berrar dende o outro lado da aldea.

O asunto é que sostiven a vergonza e a ollada decepcionada do meu pai todo o tempo que puideren, ata que mirei de novo para a foto. Nun segundo, decidín continuar sen retirarme. Estendín a man, sen dicir nada, e amosei o que tiña ao meu pai. El abriu aínda máis os ollos, e descubrín no meu pai un xesto, máis que colérico, avergonzado.

- Que fas ti con iso? -berrou, pero pechando a porta do cuarto. Entendín que non quería que miña mai escoitara.

- Eu... díxomo Isolina -saíume sen pensar.

- Isolina? -baixou o volume, aínda máis desconcertado-. Pero que carallo che ía dicir a ti Isolina?

- Quen é? -espeteille.

- Deixa iso aí inmediatamente – tragou saliva-. A ti non che ensinamos que non se anda fozando nas cousas dos demais?

- Quen é, papá? -insistín, de súpeto, moi tranquila.

Meu pai, aquel home esixente e distante, suspirou e sentou na cama, abatido. Levaba un pucho posto, que retirou da cabeza e colocou, devagar, enriba da cama. Sacou a foto da miña man e mirouna un anaco. Coma se a vira por vez primeira.

- Que che contou Isolina?

- Dime ti -non sabía de onde saía a firmeza, pero sentía que ía ben.

Volveu suspirar e fregou os ollos cunha man. Suaba.

- Disto nin un chío a túa mai, entendido?

Asentín coa cabeza.

- Carme, chamábase Carme -dixo e pousou a foto na cama.

Recollina e mireina uns minutos. Era unha foto en branco e negro. Recoñecín a meu pai, con bigote, vestido cun polo branco e un pantalón de pana, de campá. Semellaba unha foto dos anos setenta. Abrazaba a unha rapaza, morena, co riso debuxado nunha boca carnosa. Levaba un vestido polos xeonllos, estampado de flores. Non era miña mai. El proseguíu.

- Era unha sobriña da Isolina. Filla da irmá que tiña en Barcelona. Pasou un vrau aquí, en Cerneda. Hai tantos anos... moitos, nena, antes de que coñecera a túa mai. Era unha muller... unha muller moi alegre, parecíame moi elegante... non sei, por aquí andabamos varios detrás dela - sorriu e sotelou. Non me miraba-. Eu víaa todos os días, viña axudarnos coa herba, mandábaa Isolina. Unha tarde, de volta do prado, camiñando detrás do carro, ela colleume da man. Achegouse a min e preguntoume se eu quería que fósemos mozos. Quedara calado coma un pailán. Ela díxome que ía en serio, que se eramos mozos ela quedaba aquí no inverno, que non volvía para Barcelona. Eu pedinlle que quedara cando recuperei a fala -fregou a face de novo mentres os seus ollos escintilaban. Despois, tragou saliva e continuou-. Acórdome coma se fose hoxe, a roupa que eu levaba, os zapatos dela, a cor do ceo ao solpor. Eu nunca imaxinara que ela puidera facerme caso, a min, un ninguén. Fomos mozos os últimos quince días de agosto, íamos a todas as festas do redor.

- Pero, que pasou? Quedou aquí no inverno? -interrompín case sen querer.

- Foi xusto o día que fixemos esta foto. Ese día viñamos das festas de Adai. Deixei a Carme na porta da casa da Isolina. Cando reparei, esperábame miña mai na outra entrada, de pé, cos brazos cruzados sobre o peito e co xesto serio. Poucas veces vin a miña mai tan teixa. Fíxome sentar no banco da lareira, daquela aínda non estaba a cociña nova. Berroume moitísimo. Preguntoume a que andaba eu coa sobriña da Isolina, pero non quería que respondera, pois comezou a recriminarme que ía buscar unha inimizade coas familias e que a rapaza tiña que seguir estudando. Quixo dicir que eu non lle podía dar boa vida, nós non tiñamos máis que catro vacas e a sobriña da Isolina apuntaba máis alto, seica.

Daquela, meu pai, o home áspero, chorou. Caéronlle dúas bágoas que disimulou como puido. E seguiu co relato. Eu escoitaba en silencio, abafada pola honestidade do papá.

- Eu insistín que ela quería quedar. Pero miña mai foi moi firme, se seguía con ela eu marchaba da casa. Eu só tiña dezanove anos, acababa de chegar do Servizo, non tiña un peso... para onde iríamos? Así que, ao día seguinte, con todo o meu desgusto, díxenlle a Carme que non podía ser, que marchara para Barcelona. Ela non chorou, estaba triste, pero non chorou. E díxome algo que se quedaría comigo para sempre. Non me estraña, díxome, a túa mai non me quere ben, sóubeno dende que cheguei. Aos tres días marchou. Nunca máis a volví a ver.

Eu non podía deixar de mirar a foto, sostíña firme na miña man. Observei a meu pai ata que, por fin, me devolveu a mirada. Desencaixado, cos ollos achicados e o xesto canso, de quen nunca falara da dor e só a sostíña no lombo.

- Pero... non volveu a Cerneda, nunca?

- Non. Aos dous anos casou cun catalán. Logo quedou encinta. Morreu no parto, sóubeno pola Isolina. Levaba eu tres días de casado, coa túa mai, cando mo contou. Pensei que me batía o ceo na cabeza, aquel día, na eira. Pensei que caía redondo no chan. Sorte que me colleu teu avó. E nunca máis. Eu seguín coa miña vida, namáis.

- Non entendo, papá. Por que? Por que a avoa che dixo esas cousas?

- Ao fin... agora de vello non importa. Xa foi, morreu o conto.

- Eu que sei, alomenos por curiosidade. Iso que fixo a avoa... deberías preguntarlle. Non quedar coa dúbida. Eu non lle vexo sentido.

Sorriu e fíxome un mimo na cara.

- Vaia día que levo e aínda estamos pola metade... tiven tamén conversa co teu irmão. Ao baixar da segadora, xusto agora, antes de atoparte no cuarto.

Decateime, naquel intre, dos efectos que se estaban a producir na miña casa ao seguir os mandados da Isolina. Entendín un pouco máis a presenza da defunta

nas miñas noites, debandando fíos a través de min, o seu instrumento para rachar o silencio. Pero eu non me sentía unha mera mensaxeira, en cada encontro percibía a dor dos meus coma se fose miña.

- E que tal foi co Antón? -quixen saber.

- Oi!, todo o preguntas! Ben. Agora arranca e vai poñer a mesa, anda.

Puxen a mesa, contenta, aínda que non me chistara moito a orde. Sentíame máis próxima ao meu pai así que podía facerlle aquela concesión.

Espeiei todo o día a que chegara a noite. Facíame moita ilusión ver á Isolina, quería compartir con ela todo o que descubrira, que xa rematara o misterio. Pensara moito no meu pai, en Carme. No que el sufrira sen contarlle a ninguén. Metinme na cama ao rematares a cea.

Moitas voltas din na cama, todas as sombras parecían Isolina. Eu erguíame ao escoitar algún ruído, ao ver fíos de luz moverse no cuarto. Cando me decatei de que só durmíndome conseguiría que aparecese, volví a dubidar de min. Existía Isolina máis aló dos meus soños? Non o souben daquela, nin o sei agora. Ao fin, durmín. Outra noite máis, espertoume o frío, esta vez nas dedas dos pés. Espelínme decontado e vin á Isolina, xogando a facerme cóxegas. Rin e dinlle unha aperta, non era distinta a como a lembraba, só máis fría.

- Isolina! Por fin, tiña ganas de verte!

- Ben sei, estiven esperando moito a que quedaras durmida -sorriu e sacou do peto a súa peza de la.

Ensinouma fachendosa. Xa medía máis de dous metros, semellaba unha bufanda. Toqueina, era moi suave. Era real, como toda Isolina enteira.

- Como foi a conversa con teu pai? Vino todo... pero quero que mo contes ti.

- Penso que ben! Díxome o da túa sobriña, Carme. Agora xa entendo o xogo. A foto foi importante para que eu descubriera o segredo. Coido que meu pai quedou liberado.

- Ben, Pauliña, moi ben. Es moi valente - algo cambiou ao pronunciar a última palabra, o sorriso fuxiu.

- Que pasa? Non o fixen ben?

- Non, non. Está ben. Pero aínda queda algo. Esta última parte é a máis importante. É a orixe de todo, polo que eu estou aquí.

- Que queda? -preguntei descolocada.

- Amelia -pronunciou a palabra con dificultade, seria, sen luz. Cos ollos verdes case marróns.

- A avoa? -verifiquei- Que queres que lle diga á avoa? Cal é a pista?

Suspirou, parecía que collía todo o ar do cuarto, tremía coma un vimbio.

- Esta noite, meniña, será a derradeira que nos vexamos. Non podo interromper máis o teu sono. Eu xa non terei nada ao que volver.

- Pero, Isolina, eu quero que sigas vindo... a min non me molestas.

Naquel intre, chorei. Aínda non chorara nunca pola Isolina. Días atrás fora ao seu enterro e non derramara nin unha soa bágoa. Antón chorara moito, miña mai, meu pai, o avó. Eu ía do brazo da miña avoa e ningunha das dúas chorábase. Eu, agora que o penso, non o cría. Isolina non tiña ningunha enfermidade, conservábase moi ben, cada día sacaba tres vacas á pacer, dáballe de comer aos porcos, ía por ovos ao galiñeiro. Eu, había tempo que non a acompañaba nas tarefas, miña mai ríabame de vez en cando. Pero a min xa non me gustaba erguerme tan cedo nas fins de semana, quería ir ao cine a Lugo, quedar coas amigas... ás veces incluso estudar. A derradeira vez que coincidimos as dúas, as dúas vivas, eu non lle falara. Miña mai erguérame para ir con ela ás verzas e eu, ía tan enfadada, que non dixera nin unha palabra. Acabáramos cedo e ela pronunciara: "Vaite, nena, marcha. Non lle fagas caso a túa mai, ti durme o que queiras".

Chorei e quixen pedir desculpas, pero enseguida me cortou.

- Pauliña, chora o que queiras, pero non sintas culpa. Ese foi o meu mal.

Abraceína de novo. Ela quitou o seu pano e deixou o seu cabelo branco ao ar. Era luz, ela. Secoume as bágoas e continuou coa súa despedida.

- Ben, agora tes que escoitar moi atenta. Dille á avoa que me desculpe. Nada máis. Só pídelles perdón. Adeus, nena. Marcho agradecida.

E así foi como desapareceu. Fiquei inmóbil, observando a escuridade do cuarto, escoitando o silencio. Retiven na memoria cada palabra da Isolina, o timbre da súa voz. Esta é a lembranza que gardei en min para sempre: o silencio sonoro que deixa tras de si unha persoa querida.

RECADO TRES. Virar.

Ao día seguinte, ergueume miña mai. Entrou, sen chamar, como non podía ser doutro xeito. Abriu as contras do fondo e deslizou as follas da xanela para que entrara o ar. Encheu o cuarto de claridade e dos ruidos do exterior. Meu pai berraba co meu avó, seica lle esgazara unha forquita das mellores. Pepe negábase, dicía que igual fora o can, que o vira xogar con ela no *tundal*. Miña mai dicíame que había que coller o andante, que tiñamos que virar a herba que se segara o día anterior, que a ver que me pasaba, que moito durmía ultimamente. Eu só miraba enriba da colcha. Unha bufanda vermella estendíase á altura dos meus pés. Xa me esperaban embaixo.

Cando baixei as escaleiras meu avó xa me escollera a forcada que ía usar, a menos pesada e pequena, a que me tocaba a min. Rifei con el por deixarme a máis cativa e subín ao remolque. Antón estaba sentado ao meu carón, xogando coa GameBoy. Eu puxen os ollos como pratos e mireino pedichona.

A leira era das máis grandes que tiñamos, por un extremo serpeaba un río pequeneiro, onde bebían as vacas cando ían pacer alí. Por outro, estendíase a carballeira da casa do Cego. A herba, que xa se vía amarela, esperábanos en fileiras paralelas. Cada un de nós escollía unha ringleira e dáballe a volta á herba coa forquita, como se fose unha man de ferro, collíamos, virabamos e soltabamos. Sabíase o que adiantaba cadaquén conforme ía aparecendo o verde tras de nós. Eu ía coma un foguete.

Rematamos moito máis cedo do esperado. Falamos do ben que secara, de que mañá xa ía valer para empacar.

Dispoñíame a subir ao remolque, coa intención de rescatar a Nintendo do burato dun dos fungueiros, cando escoitei a miña avoa falar coa miña maí. Amelia díciulle que non subía ao remolque, que prefería ir camiñando. Sabía que era o meu momento. Dinme a volta e díxenlle á avoa que eu ía con ela. O resto subiron ao remolque e o tractor marchou.

Amelia tiña daquela setenta anos. Era máis ben anchota, co pelo moi crecho, tinxido de caoba. Era máis baixiña ca min e sempre levaba pendentes de perlas. Chovera ou nevara, para ir á herba ou á misa.

- Cousa rara que non vaias no tractor, co que che gustan. - borboriñou mentres saíamos da tenza.

Eu non dixen nada. Así o arame de espiño, que facía de fecho na leira, e ateino ao valado. Continuamos pola estrada. O sol fervía na grava, o alcatrán semellaba mol. Aló me botei.

- Avoa, teño que contarche unha cousa, pero non te asustes.

Amelia botou unha risada.

- Ai, nena, se viras o que eu vin na vida... xa non me asusto con nada.

Seguín o meu instinto e continuei.

- Avoa, teño un recado da Isolina para ti.

Ela persignouse, co xesto serio. Puxo a man no peito e parou de camiñar.

- *Dios* a teña na gloria, nena. E como acordaches agora?

- Aparecéme en soños, todos os días dende que morreu -dixen, moi tranquila.

- Ai, *Josús* bendito! Non digas esas cousas, que é pecado falar dos mortos -proseguiu camiñando-. Ti non sabes, claro, porque non fuches ao catecismo, ben sabe *Dios* que é algo no que non me meto, pero...

Premio Narrativa

- Visitoume en soños, non invento – interrompín e continuei-. Cada día díciame unha cousa. Onte falou de ti, aínda que non a entendín.

- Por *Dios*, nena! Cala con isto! A ver se vai ser o sol que che afecta á cabeza...

- Díxome que che pedira perdón de parte dela – interrompín, outra vez.

Saloucou e pechou os ollos. Logo, miroume por debaixo da ala do sombreiro de palla. Estaba moi seria. Estivo un cacho así, en silencio e, ao fin, falou.

- Vénte, saímos da estrada. Imos sentarnos alí debaixo dos carballos, que estou moi cansa.

Eu obedecín. Metémonos á dereita, nos carballos do Cego. Á sombra, ela escolleu un lugar para acubillarnos. Quitou o sombreiro e púxo no chan.

- Pasan os anos, nena, haste acordar cando sexas vella. Canto máis maior, máis axiña. Hai cousas do mes pasado que, aínda que me apuren, non recordo. Pero o que aquí pasou hai cincuenta anos, lémbroo como se fose hoxe. Antes que co Pepe, eu quixen casar con outro veciño.

Baixou á cabeza e puxo ás mans no colo, abertas coma un libro.

A historia repítese, pensei. Sería así en todas as familias? Escoitei atenta á miña avoa, tratando de non interromper.

- Si, isto sábeo o Pepe. Pero nin teu pai, nin túa mai. A vida éche así, hai cousas que quedan atrás, coma o vento -fixo unha pausa. Colleu alento e ergueu o queixo-. Eu non tiña nin os vinte anos. Dende que teño memoria eu máis outro veciño andabamos ás voltas. De pequenos xogabamos, de maiores andabamos a namorar. Primeiro ás agachadas, logo xa era a leria da contorna. Lembro nunha malla, hai tanto tempo... ata o gaiteiro do pobo nos compuxera unha copla nun día de entroido -riu con vergonza-. Todo o mundo sabía do tema. Non disimulabamos, tampouco. El era o *irmau* da Isolina, o seguinte a ela -apertou a boca e continuou-. Eladio. Aquel *vrau*, hai cincuenta anos, díxome que casaramos. Ía ser, pero non foi. Xa lles morreren os pais, unha desgraza. Isolina coidaba de todos eles, eran pobres. Todos nós eramos pobres, pero eles máis. Meu pai non estaba moi contento coa idea, pero a que menos o estaba era a Isolina. O plan que ela tiña era que Eladio marchara para as Américas. Outros homes de Cerneda marcharan, moitos levaban anos en Montevideo. A situación deles era a que era, Isolina non podía marchar, e tiñan irmaus máis pequenos. Así que el contoume e díxenlle que eu non ía a ningures, que tiña medo do barco, que quedáramos aquí. Eladio dubidaba. Un día, á noite, apareceu a Isolina nas cortes da nosa casa, mentres miña mai muxía. Berrou moito cos meus pais. Ela non era moito maior ca min, pero eu tiñalle moito respecto. Daquela era brava, non había quen lle tusira. Preguntaralle aos meus pais que se eles pensaban manter a todos os seus *irmaus*. Se pensaban compartir as vacas, a matanza. Miña mai, en paz estea, nin abría

a boca da vergonza. Entón Isolina dixerá, eu seiño porque estaba agochada detrás da porta, que se non pensaban darlle de comer aos seus que non estorbaran, que deixarán ao seu *irmau* ir buscar o pan polo mundo. Estaba todo dito. Nuns meses, Eladio colleu o macuto e marchou ao Uruguai. Nunca máis o volvín a ver. Sei que estivo por aló ata que morreu, nada máis -. Un novo salouco de Amelia rematou o conto.

Eu, esperei un anaco para assimilar, para ver a orixe. Isolina.

- Avoa, entón, a Isolina portouse moi mal! - dixen, enfadada.

- A Isolina, en paz estea, fixo o que puido. Ela non foi a culpable. A culpa era da fame, que corría polas corredoiras desta aldea coma se fose o lobo. Nena, ti iso non o viviches, menos mal. Pero a fame daba medo -baixou a cabeza-. Dígoo hoxe, despois de que morrera, a verdade... nunca llo dixen en vida. Eu negueille a palabra moitos anos. Ela tentara pedir perdón, xa estaba eu casada e cos nenos pequenos. Pero eu era demasiado orgullosa, non lle deixara nin falar.

De súpeto, correu o ar por entre os carballos, eu comprendín e miña avoa pechou os ollos un anaco. Malia estar calada, semellaba que falaba con alguén. Sorriu e abriu os ollos.

- Así que che dixo en soños que me pediras perdón?

- Si. Antes pedíume outras cousas. Do papá, do Antón.

- Será que eu teño o meu, tamén...- asentiu coa cabeza, co xesto insatisfeito.
. Vou ter que falar co teu pai, parece.

- Xa, iso parece.

Erguémonos do chan. Colocou o seu sombreiro e volvemos á estrada. Camiñamos unha ao carón da outra, en silencio. Ao chegares á nosa cansa, Amelia falou, nunha última sentenza.

- Hai herdanzas que van no peito. Se facemos coma se non existiran, pasan á seguinte. Éche así.

Entreí na casa e axudei á miña mai a lavar unha leituga. Sacáballe a terra das follas e ía remoendo o sucedido naqueles días. Algo en min mudara, no resto, en nós. Miña avoa padecera, meu pai, meu *irmau*. A Isolina padecera. Todas as historias tiñan dor, renuncia, medo. Toda a historia da miña familia fora tocada pola pena. E tamén a dos veciños, seguramente en todas as casas da contorna. Máis aló da miña aldea, de Lugo, do mundo. Nas familias había dor, e seguiríase estendendo, de avoas a netas, de pais a fillos, mentres non se purgara a dor, mentres non se mirara de fronte.

A día de hoxe, non sei que tería sido da miña vida sen Isolina. Sen a Isolina viva que me coidou e a Isolina morta que me ensinou a ver. Non sei, nin me apura saber, canto houbo de soño e de realidade. Só sei que entrevín de nena o que xa saben as vellas: hai herdanzas que van no peito.

Accesit Narrativa



NESTOR FABIÁN CUETO

Nacido en Eduardo Castex, provincia de La Pampa, en la República Argentina, actualmente resido en la ciudad de Moreno en la provincia de Buenos Aires.

Este es el segundo año que participo en concursos literarios. Algunas obras han sido seleccionadas en España por la Asociación Letras con Arte para integrar las respectivas antologías: "Del Adiós" en antología de cartas cortas; "Los ojos en blanco" en antología de narrativa breve y "Decantación" en antología de Pensamientos para la eternidad. Asimismo, la Editorial Artgerust, con sede en Madrid, ha seleccionado algunas obras para integrar sus libros. También fue seleccionado mi relato "Paraíso prohibido" integrar la antología de narrativa erótico-romántica de Ediciones Diversidad Literaria. Para integrar otras antologías han sido seleccionados mis trabajos "Mariposa Monarca", el micro cuento "El viejo" y en narrativa romántica: "Ah, el amor".

En el año 2014, obtuve el segundo premio en la ciudad de Nueva York, por mi obra "En memoria mía", organizado por L.A.I.A (Latin América Intercultural Alliance).

Actualmente me encuentro participando en varios concursos pendientes de resolución, y preparando dos libros, uno de poemas y otro de cuentos cortos

Los Reyes Magos del Barrio Asunción

Nestor Fabián Cueto

El barrio, desde donde se viera, era un barrio común. De los que se estiran un poco de los centros cercanos más poblados. Estaba la estación, que era el final de la línea de trenes urbanos, enfrente la plaza, en las tres o cuatro cuadras circundantes algunos edificios en torre que no pasaban de los diez pisos de altura, y más allá la monotonía del barrio achaparrado. Pues bien, Asunción, era un barrio achaparrado de los de más allá de los edificios y compartía su fisonomía con una zona de quintas instalada en el centro y dos barrios cerrados que se habían construido no hacía demasiado tiempo y aprovechando la cercanía con la autopista de acceso a la gran ciudad. Recorriendo sus calles, visto desde un satélite, a plena luz del día o con las luces de la noche, siempre se vería lo mismo: una cuadrícula casi perfecta, cortada verticalmente por una avenida cada ocho cuadras corriendo de norte a sur y una horizontal, también cada ocho cuadras, abriendo una grieta de este a oeste. Los habitantes del lugar eran muy dispares; los que vivían en los barrios cerrados, tenían calles de asfalto y buscaban la premura de estar cerca y fácil de llegar a la autovía. Los que vivían en la zona de quintas no querían el asfalto, solo una calle que los depositara cerca y después tierra o escombros, para evitar que hubiera tránsito indeseado y conservar la privacidad y la seguridad. El resto del barrio, estaba compuesto por gente de clase media trabajadora que se amoldaba a las condiciones de vida circundantes. Como todo barrio que se precie, en una esquina tenía un potrero o canchita de fútbol donde algún que otro fin de semana se organizaba algún torneo zonal. Con la ayuda de la mayoría de los vecinos, se había conseguido cerrarla con postes y alambre olímpicos y algunos contribuyeron con carteles publicitarios a cambio de un carnet de socio y un pequeño canon mensual.

Nosotros vivíamos en una calle asfaltada por la que circulaba una línea de colectivos que nos llevaba hasta la estación. Quedaba justo a espaldas de donde comenzaba la zona de quintas por lo que las calles que daban hacia atrás eran de tierra y el tránsito en la nuestra por momentos, bastante intenso

Creo que desde que comenzamos a caminar éramos amigos, los tres, inseparables y teníamos sobrenombre todos; yo era el Guardabarros de Ford T, en alusión a mis orejas abiertas, estaba el Fideo Spaghetti, por lo fino y largo y el Plantita de Romero, por ese olor rancio y amargo que siempre tenía y al que nunca nadie se atrevió a preguntar qué desodorante usaba, si es que usaba alguno.

Por extensión, nuestras madres que eran las comadres del barrio y sabían vida y obra de todos los Santos, tenían el mismo apodo que nosotros pero en femenino, existiera o no, por lo que mi madre era La Guardabarra, la otra era La Fidea y La Romera; y nuestras hermanas igual pero en diminutivo:

La Guardabarrita, La fideíta y La Romerita.

Accesit Narrativa

Todos los días solíamos levantarnos a las nueve o nueve y media, tomábamos el desayuno y ya estaba en la puerta de mi casa el Fideo con la pelota a buscarme, que era el que estaba un poquito más alejado, aunque era en la mitad de la cuadra siguiente

-“Guardabarro” gritaba desde la reja

Y yo salía; caminábamos juntos un poco más por la vereda hasta la próxima parada

-“Romero”

Y allá nos íbamos los tres. Carne y uña. Llegábamos a la canchita y mientras nos íbamos precalentando para jugar un picadito, comenzaban a llegar los otros pibes del barrio con los que nos juntábamos casi todos los días para hacer algunos pases y piruetas con la pelota; eso sí, siempre jugando los tres juntos y en el mismo equipo, que los otros se arreglaran. No necesitábamos reloj; a las doce la Romera se paraba en la puerta, silbaba y santo remedio; no importaba el resultado ni si íbamos parejo o no, no importaba, el Fideo agarraba la pelota y ahí terminaba todo, los tres enfilábamos por la calle Formosa donde quedaba primero el Romero, después yo y un poco más adelante, en la cuadra siguiente el Fideo. Almorzábamos y nos preparábamos para ir al colegio. Teníamos un pacto secreto entre nosotros y a ninguno se le hubiera ocurrido romperlo; queríamos ser buenos jugadores de fútbol, obvio, pero nos habíamos comprometido a estudiar y leer mucho, para que si el día de mañana, llegábamos a ser famosos, no saliéramos en la televisión siendo brutos e incultos y comiéndonos las eses, por eso la escuela volvía a ser un trámite de tres: el Fideo venía a buscarme y después a buscar al Romero. Claro, nos sentábamos juntos y prestábamos atención a todo lo que se decía en la clase y nos motivábamos unos a otros para que resultara llevadero y ameno. A la salida, como era invierno y oscurecía temprano, no íbamos a jugar al fútbol, cada uno en su casa hacía las tareas que nos habían dado en clases y después nuestras madres se juntaban a tomar mates en alguna de las casas y nosotros aprovechábamos para compartir la lectura de algunos libros clásicos como Moby Dick, La Isla del Tesoro, el gato con botas y algunos otros que ya formaban parte de nuestras bibliotecas. A la mañana siguiente, la historia volvía a tomar forma, a la canchita llegábamos los tres, pareciendo robots por la cantidad de ropa que traíamos puesta y que íbamos ventilando de acuerdo a nuestra entrada en calor, mientras la breve gramilla que oficiaba de césped, lucía blanca por la escarcha de la helada de la noche anterior. Teníamos nueve o diez años, y aún no nos habían empezado a interesar las chicas, no obstante que algunas de las hermanas de los otros chicos, solían ir y sentarse al costado y cuchichear acerca de nosotros aunque la excusa fuese alentar a uno u otro. Creo que el invierno se cansó de tener frío y dejó lugar a una primavera que se encargaba de adornar gran parte de los frentes de los jardines de las casas del barrio. El pasto comenzó a crecer cada día un poco más y nuestra ropa comenzó a dejar un poco más de lugar para la libertad de movimientos. Cuando la estación, se devoró su período en el calendario y cumplió con su cometido se fue, dejando paso a un verano donde todo iba a ser fiesta; se

Los Reyes Magos del Barrio Asunción

armaba el arbolito, finalizaban las clases, se festejaba navidad y fin de año; venían los reyes y los que podían tendrían sus vacaciones en un lugar más feliz que Asunción.

Todas permaneceron caladas, mirando cara os homes. Manuela colouse coma as outras e fixou a mirada no home que acompañaba ao capitán García, era o dos ollos verdes, o que vira no patio. Viu como el se fixaba nela e lle murmuraba algo ao capitán. Manuela palideceu, sabía que non a collerían, algo lle había dito aquel home o capitán, sentiuse desfalecer, porqué lle falou no patio?, tiña que haber estado calada, igual xa sabía que o seu pai era un fuxido? Pero alí case todas tiñan algún parente implicado na guerra.

O capitán permaneceu calado observándoas a todas, e despois duns segundos achegouse cara elas. Manuela sabía que non a escollerían, ela non tiña tanta forza coma as outras nin era tan rechamante como algunha daquelas mozas así que esperou que rematara para volver para casa convencida de que non lle daría a boa nova a nai. Viu como o capitán ollaba cara elas e comezaba a sinalar.

-Ti- díxolle a Fabiana - ti tamén- seguiu sinalando a Rosa, as dúas coñecíaas da aldea- ti tamén- dixo sinalando a Balbina, Manuela mirou cara ela, Balbina

tiña cara de alivio, tivera sorte e fora elixida - e por último ti - dixo poñéndose en fronte de Manuela e sinalándoa co dedo para pouco despois volver onde se atopaba o tenente Ruiz- as demais podeades marchar e grazas por vir.

Manuela non se moveu, quedou parada ao carón de Balbina e as outras dúas mulleres, aínda non o podía crer, había sido elixida e estaba segura que de algo tiña que ver aquel tenente, quizais pensara mal, agora entendía que había intervido por ela.

-Moi ben mozas- continuou o capitán- mañá chega o coronel Maldonado e tedes que ter a casa lista para recibilo. O voso traballo consiste en ter as habitacións limpas e axudar nos labores. Por cociñar non vos preocupedes, co coronel xa ven un cociñeiro pero teredes que axudalo. Xa sabedes, todo o que se vos mande. No pazo, ademais do coronel, tamén vivirán os oficiais de alto grao. É do único que vos tedes que ocupar. Entendestes ben?

-Si- contestaron todas.

-Pois ben, a traballar!- dixo sinalando a porta.

As mulleres foron dereitas a recoller as cousas de limpeza e por parellas dirixíronse a arranxar as habitacións do pazo. Manuela nunca estivera naquela parte da casa e xunto con Balbina foron a un dos sete dormitorios que había. Entre as dúas fixeron a cama con sabanas limpas, quitaron o po e ventilaron, así un tras outro, cando remataron era case media tarde e non habían xantado de tan ocupadas que estiveran. Recolleron todo e saíron pola porta para marchar para casa cando se encontrou novamente con tenente Ruiz.

-Debo darlle a grazas por dicirlle ao capitán que me elixira- díxolle sen pensalo. O tenente mirouna e sorriu.

-Non se merecen- dixo- pero non teñas tanta presa en agradecelo, has ter que traballar moi duro.

-Xa o sei, traballarei e agora vou para casa, ata mañá tenente- díxolle

Manuela marchou cara a darlle a noticia a súa nai, aquela noite cearon contentas, sabían que aqueles cartos eran cousa boa.

A chegada do coronel foi como se chegara o bispo a aldea. Era un homeño pequeno cheo de medallas colocadas no peito e unha gorra que lle cubría os cabelos canos que escapan por baixo. Apenas falaba pero só ca mirada xa sabía cada quen o que tiñan que facer. Os homes ían e viñan ao redor e o coronel miraba con curiosidade cara onde lle indicaban. Chegou a media mañá nun automóbil e desde ese momento as mulleres non tiveron descanso. Xunto co coronel chegou o cociñeiro. Era un home alto e delgado e nada mais poñer os pés no pazo fíxose cargo da cociña. O primeiro que fixo foi colocarse unha bata branca e sacou outras da mesma cor e deullas as mozas, cun xesto indicou que as puxeran.

-A brancura e sinal de limpeza- díxolles- procurade que sempre estean limpos- recalcou.

A Manuela gustoulle dende o primeiro momento, dende que entrou na cociña viu a mestría ca que se manexaba, o ben que traballaba e como funcionaban os fogóns que desexou aprender daquel home. Sentía que absorbería coma unha esponxa todo o que aquel cociñeiro lle enxeñase. Aquel non era un simple cociñeiro coma os que cociñaban para a tropa, non, aquel era un cociñeiro con letras maiúsculas ou iso lle pareceu a Manuela cando probou aquelas patacas con carne. Endexamais tivera un bocado tan gustoso na boca, nunca probara un manjar que se desfacía tan só con saborealo, naqueles tempos era todo tan escaso que era como maná caído do ceo, pura gloria.

Os días ían pasando e Manuela adaptouse a rutina do traballo, saía cedo da casa e non volvía deica a tarde. Tan pronto como chegaba o pazo andaba arredor do cociñeiro e só se despegaba cando tiña que ir facer os labores. Gustáballe a compañía de Iñigo, que era así coma se chamaba o home, con el aprendía cousas novas cada día e relatáballe a súa nai pola noite, ademais tiña unha conversa moi agradable e contáballe moitas historias que facían soñar a rapaza e levábana fora daquela aldea, fora daquelas penas, fora daquela guerra.

Cada mañá tiña que levar ao salón a bandexa co café para os oficiais que estaban alí a traballar. Normalmente sempre estaban o capitán e o tenente Ruiz, sentados por detrás das súas mesas do escritorio. Traballaban durante toda a mañá lendo e escribindo unha morea de papeis. As veces tamén se achegaba o sarxento e conversaban ao derredor da gran mesa onde tiñan colocados uns mapas, pasaban o rato sinalando sobre aqueles cartóns sen darse conta da entrada de Manuela que deixaba o café nunha mesiña pequena. Pero aínda que non a mirasen Manuela sentía por riba de si aquela mirada de gato, como se a vixiase, pendente do que facía, de cada movemento polo que a rapaza procuraba darse presa en saír do salón aínda que despois se regañase a si mesma, ela non había feito nada malo. Aínda tiña presente a conversa duns días atrás cando lle levará o café. Naquel momento só estaba a traballar o tenente que cando a viu aparecer sinaloulle unha cadeira enfronte da súa mesa para que sentara. Manuela obedeceu e calada tomou asento.

-Manuela- díxolle- ti e maila túa nai ides a misa os domingos?

Manuela levantou a cabeza e mirouno directamente aos ollos, non entendía aquela pregunta, era certo que non acudían a escoitar misa tanto como lles gustaría, sempre andaban ocupadas traballando e en mais dunha ocasión non foran.

-Si- respondeulle asombrada sen querer contarlle toda a verdade.

-Fai uns días tiven unha charla con señor cura- díxolle cruzándose de brazos- sabes o que me dixo?- Manuela seguiu a miralo sen entender- díxome se sabía que tiñamos no pazo unhas roxas.

Mención de Honra Narrativa

Manuela sentiu unha arroutada recorrer a espalla, ela non era unha roxa, non quería saber nada desas cousas, no se esperaba aquilo do vello párroco, coñecía dende pequena, acaso foi a acusala?

-Eu- oíu que continuaba o tenente- por suposto que lle dixen que sabía moi ben quen traballaba no pazo, ti escoitaches algo?

-Non, non sei nada- dixo temerosa

-Entón debo entender que non ides a misa tanto como ao señor cura lle gustaría e deberíades arranxalo, xa sabes como son estes vellotes cando algo se lles mete na cabeza. Quizais unhas misas na honra da Sagrada Virxe da Madalena axude a que cambie de parecer.

Manuela seguiu mirándoo sen pestanexar, unhas misas era o que menos pensaba facer, os cartos facíanlle falla para outras cousas non para misas. Viu como o tenente metía a man no caixón e sacaba unhas cadelas que deixaba por riba da mesa. Ollou cara o diñeiro e de repente entendeu, viu como o tenente facía un sinal e Manuela recolleu o diñeiro, el mesmo pagáballe as misas para contentar ao vello cura. Aquilo non lle gustou, sentía como o diñeiro lle queimaba na man. Noutra situación houbérallo tirado na cara e dito catro cousas o cura, pero calou e gardouno, sabía que non lle quedaba doutra, aquela mesma tarde achegárase a reitoral a falar co párroco e encargar as misas.

-Grazas- díxolle levantándose e saíndo do salón para continuar cos labores, sentíase traizoada e a vez salvada, era un sentimento raro.

Daquel xeito as semanas foron correndo e as rapazas adaptáronse a rutina do pazo. O coronel apenas saía dunha habitación onde tiña instalado o seu despacho, e cando saía marchaba nun coche e pasaba todo o día fora e nalgunha ocasión tardaba varios días en regresar. Iñigo contáballe que se achegaba a Coruña a falar cos outros xefazos, cando volvía so facían que desfilar os oficias o seu despacho e todo o mundo ía e viña nervioso.

Unha mañá, igual que outras, Manuela dirixiuse o salón coa bandexa do café. Aquele mañá, despois de limpar as habitacións en compañía de Balbina achegouse a cociña para falar con Iñigo. O home xa tiña preparada a bandexa así que Manuela apenas se puido entreter xa que lle meteu presa para que a levara. A rapaza colleuna e dirixiuse coma todos os días ao salón. Xa sabía que a tiña que deixar por riba da mesiña e aquela mañá fixo o mesmo. Con moito coidado de non verter o líquido apoiouna ao tempo que oía a conversa dos homes, naquela ocasión estaba o capitán García e o tenente Ruiz, estaba tamén outro tenente e dous sarxentos que xa coñecía de habelos vistos polo patio dirixindo aos soldados. Todos estaban arredor da mesa, estaban inclinados sobre os planos e sinalaban por riba deles. Aquilo era coma noutras ocasión que estaban a traballar, nada doutro día que chamara a atención de Manuela se non fora porque na súa conversa mencionaron os fuxidos.

-Segundo me informaron os meus homes- oíu a un daqueles sarxentos- os fuxidos están escondidos por esta zona, o terreo é pedregoso e de seguro se agochan nas covas que hai no monte. Levamos un tempo seguindo os seus movementos, eles non se decataron de nada, teño varios homes vixiando.

Manuela quedou quieta ao oír a palabra fuxidos, estarían a se referir os homes do pobo?, a quen se non?, pensou. Certo era que chamábanos fuxidos porque non quixeran tomar parte daquel exército, estaban en contra deles e subiran cara o monte. Nalgunha ocasión tiveran algún enfrontamento pero a maior parte do tempo agochábanse nas penedas. Al menos iso era o que lle contaba o seu pai as veces que baixaba ata a aldea. Tamén lles chamaban roxos pero ela ben sabía que non era así, aqueles homes tan só escapaban daquela guerra, fuxían para non acabar coma o pai da Balbina, presos en Rianxo.

-Podemos rodealos por aquí, sen deixar ningunha vía de escape- oíu ao capitán García- se os collemos de improviso caeran todos.

- O mellor será que os ataquemos cara a noitiña, cando xa estean todos recollidos, así de ese xeito non fuxira ningún- oía que seguían a dicir.

-Si- respondeu o capitán- informarei o coronel dos plans, xa tiñamos ganas de coller a estes indesexables, estará contento cando o saiba, podemos facer a operación mañá antes de que se decaten.

-Manuela córrache algo?- oíu de repente a voz do tenente Ruiz

Manuela quedara inmóbil escoitando a conversa dos oficiais, estaba tan impresionada que non se deu conta de que non se movía do sitio, estaba quieta mirando cara os homes, algo que de cotián non facía.

-Non, non, estou ben- dixo dándose a volta e saíndo do salón cerrando a porta.

Sentiu que o nerviosismo lle percorría o corpo despois de haber escoitado aquilo. Os soldados estaban preparando un asalto, tiñan pensado atacar os homes, porque non había dúbida de que se trataba deles. E eles, ignorantes de todo caerían na súa emboscada. Como era posible que non se decataran?, acaso non tiñan vixías? Acaso non estaban alerta? O certo era que o coronel dende que chegara non tiña outro pensamento, quería arrestar aos homes para ter aquela parte do territorio baixo o seu control. E o malo era que o seu pai estaba entre eles, vivía alí nas rochas, alleo a todo, mellor era que houbera fuxido a Francia coma fixeran outros, ou as Américas, e non quedar alí. Agora estaba en perigo, el e os outros. Que listos habían sido os soldados, ou quizais non, pensou Manuela, quizais alguén da aldea os axudou e lle dixo onde estaban. Alí aínda quedaban caciques que venderían a súa alma por estar do lado do coronel, ou peor, algún necesitado que diría o que fose por levarse un pouco de pan a boca. Eran malos tempos, non se podía confiar en ninguén, por calquera cousa denunciábante aos

soldados, calquera escusa servía para sacarche o pouco que tiñas. Manuela sabíao ben, era o pan de cada día, cada mañá vía como as escondidas se achegaban os veciños e falaban con sarxento, algunhas veces facíanlles casos e outras non. Manuela respirou, alí, detrás da porta, aínda seguían os homes a planear como coller os fuxidos. Suspirou a modiño tratando de calmarse, sabía que tiña que volver ao seu traballo, non tardarían moito en ir a busca, pero tiña que tranquilizarse, a súa cabeza rebulía cunha chea de pensamentos. Sentíase impotente, porque escoitara aquilo?, era mellor vivir na ignorancia, non saber nada, bastante se tiña que afrontar tódolos días para ademais coñecer os plans dos soldados. De súpeto abriuse a porta e apareceu o tenente Ruiz, Manuela deu un respigo e asustada retrocedeu. Viu como o tenente a miraba serio ca aqueles ollos de gato.

-Entón vai mandar os seus homes na procura dos fuxidos?- díxolle Manuela sen podelo evitar.

-Non te metas nesas cousas Manuela, non son cousas de mulleres.

-Pero os fuxidos son homes da aldea, non fixeron mal a ninguén- repli- coulle.

-Esa xente fai a guerra como a facemos nós a diferenza é que van sen uniforme, polo demais levan armas e disparan, non se andan con contemplacións.

-Non é certo, eu sei ben do que estou a falar, é xente pobre, humilde, que non lle quedou mais remedio que fuxir deixando as súas familias para non verse metidos nesta guerra.

-Non digas parvadas, todo o mundo esta involucrado, ti, eu, as demais mozas, os oficiais. Todos estamos nesta guerra en mais o menos medida. É así e no fondo sabelo ben.

-E que será deles se son atrapados? Dispararédessles no monte e deixádelos alí tirados nun buraco como tantos outros?

-Non, claro que non. Serán xulgados e seguramente terminen no cárcere- dixu cruzándose de brazos.

-No cárcere?, mellor están no monte fuxidos!- respondeu enfadada.

-Sabes que non é certo, faime caso e deixa estar a cousa así. E ten coitado se te escoita falar así o capitán ou o coronel levarías o mesmo camiño- avísouna.

Manuela calou, abriu a boca abondo, había esquecido con quen estaba a falar, decidiu non replicar, a súa opinión non contaba, non lle importaba a ninguén. De seguir así aínda se buscaría un problema. Baixou a testa e deu media volta, oíu como se cerraba a porta detrás dela, o tenente había volto a entrar no salón, estaba soa. Volvendo en si camiñou polo corredor e foi deica Balbina que estaba no lavadoiro e púxose a axudala a lavar a roupa. Pero non estaba tranquila, seguía preocupada, falar co tenente non lle solucionara nada, e mais, había quedado mais

intranquila sabendo o final que lles esperaba aos fuxidos. Sen dúbida os soldados xa estarían preparando a partida, seguramente non serían moitos para non levantar sospeitas, o grupo de fuxidos non era moi numeroso, polo que contaba o seu pai eran unha ducia e media de aldeáns. Eran un branco perfecto, alí sós no monte, sen saber nada, cheos de tranquilidade. De repente pensou no seu pai. Mellor era que houbera marchado a Francia, si, houbese sido mellor, agora estaba alí, nas penedas e con sorte libraríase dunha bala para ir a rematar ao cárcere. Durante canto tempo?, aquela maldita guerra xa ía durando demasiado, xa se facía larga. Pero iso non aliviaba os pensamentos de Manuela, seguía a darlle voltas, que facer? A vida de todos eses homes estaba nas súas mans, ela había escoitado a conversa e agora tiña a necesidade de facer algo, o que fose, pero o qué? Xa había falado co tenente sen ningún resultado, o home estaba convencido de que estaba facendo o correcto, pero ela sabía que non. E se poderá axudalos?, e se poderá avisalos? Quen era o enlace? Non sabía, descoñecía quen era a persoa que mantiña contacto cos fuxidos. Teríase que encargar ela, esa era a solución. Tiña que avisalos, dalgún xeito tiña que dicirlles o que ía a pasar. Pero cómo?, cómo ía facer? Non sabía como actuar, seguía pensando, dando voltas na cabeza aquelas palabras.

O día foi pasando e chegou a hora de marchar para casa, Manuela seguía preocupada, saber aquilo doíalle na alma, quería facer algo, axudar dalgunha maneira. Así, con aqueles pensamentos chegou a súa casa. A súa nai xa tiña a cea por riba da mesa e Manuela sentouse calada e empezou a comer.

-Pasouche algo no pazo?- preguntoulle vendo que a rapaza apenas dicía nada.

-Escoite os oficiais que van a coller os fuxidos- díxolle sen pensalo.

-Pero filla!, en verdade escoitaches iso?- preguntou a súa nai sen apenas crer o que oía.

-Si, téñenos localizados, din que están por onde a cova da moura- asegurou.

-Pero temos que facer algo filla, non podemos deixar que os collan- a súa nai tapou o rostro cas mans e comezou a chorar- alí esta o teu pai- lamentouse preocupada- collerano- suspirou.

-Pero no sabemos quen é o enlace, e se dicimos algo saberán que fun eu- dixo Manuela- eu estaba na salón, eu escoite a conversa.

- Tes razón, non sabemos quen é o enlace, pode ser calquera da aldea ou doutra, o teu pai endexamais dixo nada de ninguén.

-Irei eu!- dixo Manuela de súpeto- eu coñezo a zona e podo avisalos.

-Non filla!, non!- dixo horrorizada a súa nai.

-Non queda doutra, irei ca noitiña e pola mañá estarei de volta para ir o pazo, ninguén se dará conta.

Mención de Honra Narrativa

-Pero é moi perigoso, ti soa por eses montes, quen sabe que perigos te podes atopar. Non, non- repetiu.

-Non queda máis remedio, ei marchar, saír ca noiteña- dixo levantándose e collendo un mantela grosa.

Unha vez preparada Manuela saíu as escondidas da casa e dirixiuse a toda presa cara ao río, alí tiña que cruzar por onde os muíños e seguir por un carrucho que entraba no monte. Así fixo, con paso lixeiro en poucos minutos chegou, a auga baixaba con gran rapidez limpa e cristalina e por sorte non había ninguén. Seguiu camiñando por entre os verdes prados e en pouco tempo xa entrou no monte. Deuse conta que xa empezaba a escurecer aínda que as tardes eran longas, se seguía aquel ritmo en apenas dúas horas estaría na cova da Moura. Alí era onde dixeran os oficiais que se agochaban, pero a verdade era que non sabía moi ben onde podían estar escondidos os fuxidos, podían estar alí ou nas fragas do penedo, calquera sabía, o monte era moi grande. A dicir verdade o seu pai nunca lle explicara o lugar exacto, pero polos comentarios dos oficiais debía ser pola cova, alí sempre había boa caza e os regatos baixaban cara os vales lixeiros. Confiaba en que a medida que se ía achegando a viran. Deus! Rezaba por que a viran chegar, con eses pensamentos alixeirou o paso aínda que o terreo era todo de subida. Despois dunha hora camiñando Manuela ía cansa, estaba de cheo no monte e o paso xa non era tan rápido. Doíanlle as pernas debido o terreo que era malo de camiñar, cando non había coiros as xestas e os toxos cubrían o chan e tiña que ir apartándoos cunha vara. Pouco despois cando os seus músculos doridos de tanto varear empezaban a queixarse o chan cambiou e entrou nunha carballeira onde o solo era máis chairo. Descansou uns minutos recuperando folgos, xa recorrera un bo treito e a cova da Moura estaba ben preto, xa pronto podería avisalos, xa pronto podería ver o seu pai. A ledicia embargouna coa ansia de velo, tan inmersa estaba nos seus pensamentos que apenas sentiu como algo a picaba na espalla, molesta quixo darse a volta cando oíu ao seu carón unha voz.

-Non te movas rapaza- díxolle- quen es?

Manuela sentiu que a estaban apuntando, aquilo cravábaselle nas costelas e sentía como o medo percorría o seu corpo.

-Son Manuela- atinou a dicir- Manuela do María- O María era o alcume co que chamaban o seu pai na aldea.

De repente a presión na espalla cesou e viu coma aquel home se puña diante dela.

-E que fas ti aquí?- preguntou- acaso sabe o teu pai que ías vir?

-Es o mestre!!- gritou Manuela de alivio cando recoñeceu aquel home.

-Non berres rapaza!!- díxolle o home- véñote seguindo dende os muíños, por Deus que andas ben lixeira!

-Pero entón? Ti es o enlace!- dixo Manuela caendo na conta.

-Shss! Non berres tanto!, oirante os soldados na aldea con eses gritos!
- avisouna- si, son eu. E ti a que ves?

-Veño avisar aos homes, esta mañá, no pazo, oín aos soldados que saben onde se agochan e veñen a collelos.

-Axiña!, a Pepín gustaralle escoitar iso.

O Mestre camiñou pola carballeira seguido de Manuela, aos poucos metros saíron do lugar e seguiron bordeando un pequeno regato de augas cristalinas, pouco despois o Mestre detívose e cos beizos empezou a asubiar, era un son imitando a un paxaro, tan parecido era o trilo que de non velo asubiar pensaría que se trababa dun. Repetiu varias veces ata que lle contestaron. O Mestre volveu asubiar e continuaron camiñando, seguiron ata unhas rochas onde se vía unha cavidade e onde estaba un home que agarraba unha escopeta.

-Quen traes Mestre?- preguntoulle incómodo ao ver a Manuela e apuntando co fusil.

-É a filla do María, di que trae noticias do exército- respondeu o Mestre.

O home baixou a arma e sinalou ca man para que entraran na cova. Manuela seguiu ao Mestre e foron entrando no interior, pouco a pouco os seus ollos foron adaptándose a escuridade que reinaba dentro, a rapaza notou como había un profundo cheiro a fume que proviña dun lume que tiñan no interior e ao seu carón viu que estaba Pepín, un pouco mais ala viu no chan varios corpos durmindo, ca mirada buscou o seu pai mentres sentía como Pepín a miraba con curiosidade. Manuela achegouse, coñecía ben, era da aldea o que fixo que se relaxara e comezara a contarlle o que escoitara no pazo en tanto a preocupación reflectíase no rostro de home. Cando houbo rematado quedou tranquila, sentiu que alguén lle daba un pouco de auga e agradecida bebeu con ansia sentándose ao carón do lume, hasta ese momento non se decatara de que tiña frío. Apenas pasaran uns minutos cando oíu a voz do seu pai como se achegaba a entrada da cova. Esquecendo o malestar levantouse e correu a recibilo. O seu pai que xa estaba sobre aviso de que estaba alí e abrazouna forte volvendo a levala cara onde o lume en tanto escoitaba as explicacións de Pepín.

-Esta claro que non podemos seguir aquí- dixo- non tardaran en chegar, recollede todo!- ordenou os homes.

Manuela viu coma se puñan en movemento entre os que estaban dentro e os de afora serían unha ducia de homes.

-E onde nos dirixiremos?- preguntou o seu pai mirando cara Pepín.

-Estou pensando en pasar a fronteira, achegarnos a Portugal, a Montea-legre- dixo convencido- alí hai unha pequena cédula que nos pode agochar, despois xa veremos.

-É boa idea, poderemos descansar na casa do Foxa, e dende alí ver que camiño tomar, esta preto da vía do tren, onda o cruzamento que vai cara o cemiterio e a casa parroquial, seica non anda moi vixiada aquela zona- dixo o seu pai- Manuela regresará a aldea co Mestre.

-Non- dixo serio Pepín- se baixan agora seguramente os atraparan, e mellor e que veñan ata o cruzamento do tren, alí poden ir cara a aldea en tanto nos seguimos o noso camiño, poden pedir axuda ao párroco, seica esta do noso lado. Dese xeito non levantara sospeitas.

Xa decididos os plans deixaron descansar a Manuela en tanto recollían algunha cousa, cando remataron saíron da cova da Moura e puxéronse en movemento. Baixaron polo monte camiñando cara o leste por entre os penedos ata que descenderon da serra. A noite ía fría e escoitábanse as bubelas como vixiaban na escuridade, salvo iso, apenas se oía ningún ruído pois camiñaban en total silencio. Xa ía amañecendo cando Manuela se deu conta do cansa que ía, apoiada no seu pai intentaba seguir o paso cando de repente Pepín decidiu facer unha parada que a rapaza aproveitou para sentarse por riba da herba e descansar. Mirando derredor viu que por fin habían chegado ao cruzamento, dende alí podía ver a o camiño que ía cara aldea e o outro que cruzaba por riba da vía do tren, mais alá estaba a casa do Foxa. Recordou porque lle chamaban así, estaba feita preto dunha foxa grande, a terra daquela foxa empregáranla para poder facer os cimentos onde se apoiaba a vía do tren. Os homes miraron con atención cara aquel punto buscando calquera sinal de que o lugar estivese vixiado. Todos ían armados, levaban unhas escopetas colgadas dos ombreiros e ademais unhas pistolas no cinto. Manuela deuse conta, nese momento, de que o tenente tiña razón, todos facían a guerra, por uns ideais ou por outros. Ela non quería implicarse naquelo pero non podía abandonar ao seu pai, fixera ben en avisalo, dese xeito poríase a salvo. Nese momento Pepín deu a orde para seguir. Manuela levantouse e seguiunos, xa faltaba pouco para chegar a casa do Foxa, alí separaríanse e sabe Deus cando volvería a ver ao seu pai.

De repente oíu ladridos de cans, sen dúbida xa estaban preto da aldea, esperanzada mirou cara o seu pai. O que viu non lle gustou, os homes estaban preocupados e miraban nerviosos derredor, os ladridos achegábanse cada vez mais, oíanse cerca deles. Pepín levantou a man para que todo o mundo se mantivera calado. En silencio escoitaron, os raios do sol despuntaban e a mañá empezaba a aclarar. Amanecía tranquila pero aqueles ladridos rompían o aire, rabuñaban a tranquilidade do abreinte, íanse achegando, case que os tiñan enriba de cerca que se escoitaban.

-Merda!- susurrou Pepín- son os soldados, eses mal nacidos trouxeron os cans para darnos caza- dixo nervioso mirando cara onde viñan os sons.

Manuela mirou cara o sitio e non atinou a ver nada, os homes amosaban nerviosos e en tensión sabendo o que lles viña por riba.

-Separemos!- ordenou Pepín sinalando aos homes- un grupo a casa do Foxa e outro que vaia cara a aldea a todo fuxir.

Todos se puxeron en movemento sabendo o perigo que lles viña en riba. Manuela asustada seguiu ao seu pai a todo correr xunto co Mestre, Pepín, e catro homes mais e dirixíronse a casa do Foxa.

A casa do Foxa era unha casa coma todas as da aldea, estaba na beira do camiño e preto a vía do tren. Correndo chegaron ata a porta que era o suficientemente grande para que pasara un carro de vacas e que daba acceso a vivenda. Nun lado había un pozo e un lavadoiro e noutro unha pequena corte para o gando, por detrás da casa había un pequeno bosque de chopos negros que tiña bo pasto para o gando con abundante sombra. En todo isto se fixaba Manuela mentres os homes esperaban pacientes que os donos da casa lles abriaran a porta. Transcorridos uns segundos que lles pareceron unha eternidade a porta abriu e entraron a toda presa pechando fortemente. No interior atopouse cunha habitación grande que debía ser o comedor e unha pequena lareira, ao fondo viu unha porta pola que se accedía a unha habitación e unha ventá que daba directamente ao bosque de chopos. No centro da sala estaban os donos que xa estaban a falar con Pepín en tanto o resto dos homes se agochaban nas ventás mirando cara o camiño. Manuela quedou preto do seu pai mirando asustada como cargaban as escopetas e apuntaban cara fora. Non tardaron moito en sentir como os efectivos do exército achegábanse a casa do Foxa e emprazaban uns morteiros sobre a vía do tren con tiro directo sobre a casa. Estaban perdidos, dende onde se encontraba percibiu que os soldados tiñan vantaxe sobre eles, sentía que non fuxirían de alí vivos, estaban acurrados e ela non quería morrer alí, naquela casa, naquel sitio. Como había chegado a aquilo?, sen querer víase envolta naquel problema, ela que o único que quería era salvar ao seu pai. O nerviosismo percorreu o seu corpo, sentíase afogar, faltáballe o aire, quería saír, fuxir, marchar de alí. Apoíouse contra a parede e encolleuse, sabía que non sairían vivos, aquilo era unha rateira. Sen querer comezou a chorar, as bágoas esvaraban polas súas meixelas e deixounas correr, que outra cousa podía facer se non? Mirou para o seu pai que estaba o seu carón e sentiu como algo frío lle rozaba a man.

-Cóllea!- díxolle tendéndolle unha pistola das que levaba colgada no cinto- esta cargada e lista para disparar.

Manuela sentiu nas súas mans o duro metal, pesaba pero era un peso pracenteiro, razoou de repente. Ata agora nunca tivera un arma nas mans e sentíase rara, non notaba nada diferente pero sen embargo sentiuse mas segura, de tal xeito, que agarrouna fortemente e achegouna cara ela coma se fose un obxecto valioso sabendo que aquilo podía salvarlle a vida.

De súpeto comezaron os disparos, o seu pai levantouse e dirixiuse a unha fiestra xunto o Mestre deixándoa soa apoiada contra aquela parede mentres vía

como cargaban o fusís unha e outra vez e disparaban. Os disparos resoaban, cruzaban a casa lixeiros, incrustábanse nas paredes, perforaban o chan, asubiaban doentes. O gritos chegaban ata Manuela como se estivese non sono, oía pero apenas comprendía o que dicían. De repente viu caer ao chan un dos fuxidos, déranlle de cheo na cara perforándolle a mandíbula, morrendo no acto. A rapaza mirouno incrédula, alí no só tirado, salpicado de sangue, sen vida. Xa perdera a noción do tempo, canto levarían naquela casa? Parecíalle unha eternidade, ela só quería que todo aquilo acabase pero aquela batalla continuaba sen parar, a Manuela xa non lle quedaban bágoas e atenta seguía calquera ruído que lle indicara algo. De súpeto oíu un forte golpe seguido dunha gran polvoriñada. Algo había impactado contra o muro da casa e unha das paredes veuse abaixo levando por diante varios homes que estaban alí agochados, fora un proxectil procedente dos morteiros. O ataque era mais cruel, mais duro, achega ao fin, con outro mais que dispararan tirarían case que toda a casa. O po apenas deixa ver o que había no interior e sacando valor de onde ela pensaba que non tiña decidiu que ese era un bo momento para intentar escapar deixándose caer por a ventá que daba o bosque de chopos, pero as balas seguían a soar e zoupaban contra as paredes que aínda estaban en pé. Naquel momento viu como os soldados estaban xa preto da entrada, tiña que saír, saír xa!, aquel era o momento. Levantouse e foi onde o seu pai, sinaloulle a ventá que daba aceso o bosque e agarrándoo polo brazo levouno cara alí. O seu pai deixouse ir sabendo que era a única oportunidade que tiñan de fuxir, foron se mirar cara atrás, sen mirar para os fuxidos que quedaban vivos, só pensando en escapar. Primeiro deslizouse o seu pai e saíu cara o exterior para despois seguir Manuela, apoiada na parede mirou derredor, aquela parte da casa estaba tranquila pero aínda así instintivamente puxo o dedo sobre o gatillo da pistola que levaba na man. Cun sinal o seu pai díxolle que esperara alí en tanto el se adiantaba uns metros. Manuela seguiu a mirada e cando xa estaba preto do outro extremo da finca viu coma unha figura se erguía entre as xestas e apuntaba ao seu pai na testa. Manuela sentiuse morrer, desfalecer pola angustia. Xa case que estaba na beira, xa estaba lonxe da casa do Foxa, xa case que estaba a salvo daquelas balas. Porque?, Porque? Porque saía agora aquel soldado?, porque se torcían as cousas? E o peor era que aínda ao lonxe recoñecía aquela figura. Recoñecería en calquera lugar, aínda que estivesen as escuras, aínda que perdera a vista, era sen ningunha dúbida o tenente Ruiz. Aquela revelación encheuna de desesperación, non esperaba atopalo alí, no medio de tanta morte, empuñando un arma, apuntando ao seu pai, disposto a apremar o gatillo. Porque estaba segura que apremaría e dispararía, tan segura como que había Deus, tan segura coma que había sol e lúa, tan segura como que o estaba vendo. No poida, non, non podía consentir aquilo. Se pensalo despegoose da ventá e sen medo achegouse pola a espalla cara o tenente, ignorando as balas que ruxían derredor levantou a arma e púxoas sobre a testa do tenente e sen mais, sen pensar, sen querer comprender a situación, sen buscar unha

explicación, sen suplicar, sen esperar a reacción do tenente apremou o gatillo e sentiu como a arma soltaba a súa carga sobre a cabeza do oficial. A sangue salpicou a cara de Manuela, a bala atravesara a testa do tenente e viu como caía sobre a terra, inmóbil, inerte, morto. Mirouno tendido sobre o chan cos miolos saíndo daquel burato que lle fixera e sentiu coma unha náusea intentaba saír do seu corpo, coma subía pola súa gorxa intentando saír. Deixou caer o arma salpicada daquela mestura sentindo que se mareaba e houbera caído de no ser porque notou que a movían fortemente. Era o seu pai que tiraba dela e a encamiñaba cara a lindeiro do bosque.

-Fuxe rapaza!- oíu que lle dicía mentres o seu pai disparaba cara os soldados que se achegaban pola outra beira da casa cara onde estaban.

Manuela comezou a correr sen mirar cara atrás, sentía coma as xestas rañaban nas súas meixelas pero ela non pensaba nada, solo corría, corría con todas as súas forzas, sabía que as balas ían quedando lonxe pero ela seguía a correr, fuxía como lle había dito o seu pai. De repente saíu a un camiño e viu a igrexa, achegada a ela estaba a casa parroquial, dirixiuse cara ela acordándose do que dixeran do cura. Petou na porta, petou fortemente ata que de repente as madeiras cederon e apareceu un homiño rebordiño, era o párroco que a miraba con curiosidade. Manuela no momento que o viu deixouse caer os pés do home e comezou a chorar.

-Axúdeme pai- chorou- axúdeme por amor de Deus, acabo de matar a un soldado.

O cura arrastrouna cara o interior, nese momento oíu unha forte explosión, de seguro a casa do Foxa había saltado polos aires, puido ver ao lonxe a fumareda que viña daquela dirección e oír os gritos dos soldados. Preocupado mirou cara derredor e decidido pechou a porta pasándolle o cérrollo. Esperaría a que se calmara a cousa, de mentres acollería a rapaza e rezaría pola alma dos mortos.

A media tarde Manuela agochada na casa reitoral viu dende unhas das ventás que daban ao cemiterio como os homes da aldea levaban uns corpos envoltos nunhas mantas. Soubo sen ningunha dúbida que se trataba dos fuxidos. Soubo que entre eles seguramente iría o seu pai e deixou esvarar as poucas bágoas que xa lle quedaban polas meixelas. Viu como os aldeáns facían un buraco nunha esquina do cemiterio e os deixaban caer alí, coma lles botaban terra por riba e quedaban alí por sempre. Sentiu nese momento unha pena moi grande que lle apresaba o corazón e apenas a deixaba respirar, soubo que levaría aquela imaxe por sempre gravada na memoria, soubo que por moitos anos que vivira endexa- mais esquecería a casa do Foxa.



Manuel Rodríguez López
Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL ORESTE RODRÍGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradelá (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.



O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: *“POEMAS POPULARES GALEGOS”* (1968), *“SAUDADE NO BULLEIRO”* (1970), *“SOLDADA MINIMA”* (1979), *“ONTE E HOXE VIVENCIAL”* (1995), *“A ATLANTIDA”* (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer, *“MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA”* (2009), e *“MANUEL RODRÍGUEZ LOPEZ. ANTOLOXIA POETICA”* (2014). En prosa: *“REENCONTRO COA ALDEA”* (1983), *“GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982”* (1983), *“GALEGOS EN CATALUNYA-2”* (1985), *“VIAXES CON ANXEL FOLE”* (1988), *“FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989”* (1989), libro-programa das festas e *“VOLTA A ESPAÑA A PE”* (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan *“HOMAXE O CHE”* (1970), *“A NOSA TERRA”* (de “Libro de Oro”, no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), *“HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO”* (1976), *“GALICIA NO ANO 1979”* (1979), *“JOSE M^a ACUÑA”* (1983), *“OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE”* (1986), *“VOCES POETICAS”* (1987), *“PARADELA Y SU CONCELLO”* (1990) e *“ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA”* (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como *“Gran Enciclopedia Gallega”* (ver tamén o apéndice I), *“Medio cento de galegos*

e *Rosalía*" (1983), *"88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes"* (1983), *"De Pondal a Novoneyra"* (1984), *"Diccionario de escritores en lingua galega"* (1990), *"Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975"* (libro e vídeo, 1993) *"Diccionario da literatura galega. I. Autores"* (1995), *"Diccionario de Fole"* (1997), *"Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya"* (1999) e *"Vida e obra de Manuel Rodríguez López"* (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas *"TI ES ETERNO"* e *"NEOPLASIA"*, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con *"A EMIGRANTE"* e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra *"NOITE DE NADAL"*.

En prosa, coa peza teatral *"VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA"*, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos *"A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS"* (1977) e *"QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO"* (1986) e, en Baracaldo, *"BAIXA VOLUNTARIA"* (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas* e *Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de *Faro de Vigo* e de *El Ideal Gallego* na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de *El Progreso* de Lugo, *La Voz de Galicia* e *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e Mary C. Otero Rolle musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado *"Fillo Predilecto do Concello de Paradela"* e *"Lucense del año 1989"*. En 1990 inaugurouse a *Casa de Cultura de Paradela "Manuel Rodríguez López"* e, no ano 2001, o novo *"Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López"* tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Os seus restos mortais descansan no Panteón de Paradelenses Ilustres no cemiterio de San Miguel de Paradela. Dende 1995, vense celebrando cada ano o *Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López*, organizado polo Excmo. Concello de Paradela. No ano 2014 foi nomeado *"Socio de Honra do Centro Galego de Barcelona"* a título póstumo.

Máis información na web oficial de Manuel Rodríguez López:
www.manuelrodriguezlopez.org/

